





Xurdimento

Boletín cultural do **Centro Galego**  **Lleida**



Les quatre estacions



Patronat Intercomarcal de Turisme

TERRES DE LLEIDA

de la Diputació de Lleida

Ara
LLEIDA

Sumario

Pág. Tema/Autor

- 03. Xosé Terceiro.
- 04. Manuel Fraga.
- 05. Conselleiro de Educación
- 06. L'Alcalde de Lleida.
- 07. Pres. Diputació.
- 08. Generalitat Del Govern.
- 09. Fernando Amarelo.
- 10. Gobernador Civil.
- 11. Bisbe de Lleida.
- 13. Federico Pomar.
- 15. Viaxe a Andorra. José J. C.
- 16. Circulación s. vial. Juan R. G.
- 19. Luis Villares P.
- 21. Reunión Consello Comunidades. Celso G. G.
- 25. Abraza-las árbores. Anxo
- 26. Camiño Xubileo. M^a Angels A. B.
- 27. Caixa Galicia.
- 28. Actividades do Centro Galego
- 31. Actividades para o 1997. Luís trigo
- 32. ¿ Por qué ?. Pilar C.
- 33. Pazos Ulloa. M. Torres B.
- 34. Galicia. Rogomhía.
- 38. Entrevista prof. G. danzas X. E. S. y L. T.
- 40. Cengallei. Juan R. G.
- 41. Carta ó ausente. Severino F. V.
- 42. Meritxell T. C.
- 43. O oficio de vivir. Antonio D. F.
- 45. Vocalía da dona. Marta R. M.
- 46. Joana M. A. i Davide B.
- 47. Ave Fénix. Joan B. F.
- 49. Santa Teresa Jornet. J. Curoó P.
- 50. Desviament a Santiago. Francesc C. G.
- 51. O Centro nos xornais.
- 52. Mondoñedo e monumentos. J. M. F. F.
- 53. Carta. J. Manuel Y. G.
- 53. Embaixadores. X. Ramón L. M.

Edita : Centro Galego de Lleida
c/ Joc de la Bola, 20 - Lleida
Tel / Fax (973) 27 48 27

Redacción/Coordinación/Corrección:
Xulio Couxil Vázquez
Juan R. Gómez Dacal
Rosa González Mahía.

Depósito Legal: B-36.545.93

Impresión y Autoedición:

E. Gráficas Rey, S.L.
Albert Einstein, 54, C/B, nave 15
Tel.: 377 16 23* • Fax: 377 67 62
08940 CORNELLÀ (Barcelona)

PRESENTACIÓN E SAUDO

Benqueridos amigos:

Xa pasou un ano máis e novamente teño a oportunidade de dirixirme a vós mediante esta revista Xurdimento, que é o noso -e voso- medio de comunicación máis directo entre todos. Quixera reflexar aquí o meu agradecemento a tódolos colaboradores, á Xunta Directiva, ós que escribiron os artigos, ós anunciantes -xa que coa súa participación axudan a edita-la revista, á Xunta de Galicia, que fai chegar estas revistas a tódolos Centros Galegos do mundo, e como non, ós responsables da súa coordinación : Xulio Couxil e ó noso Vicepresidente Juan Rodríguez Gómez Dacal polo empeño que poñen para que todo saia tan ben .



En máis dunha ocasión díxenvos que o Centro sería o que quixeramos todos, pois debo dicirvos que está situado moi alto, gracias ó traballo de tódolos que o formamos; seguíde colaborando como vindes facendo, tanto a "Vocalía da Dona", o "Grupo de Gaitas e Danzas Xurdimento" e a "Coral Cengallei". Agardamos moito de vosoutros. Tamén unha lembranza ó noso restaurante, que ten a categoría precisa como para poder degusta-la mellor gastronomía galega que desexemos.

Desexo que este ano sexa próspero para todos vós e un recordo moi especial a todos aqueles que nos deixaron, así como ós seus familiares.

Agardo que un dos proxectos diste ano sexa inaugura-la praza de Sant Jaume, xa que tanto por parte do Concello, como da Generalitat de Catalunya estase a traballar moi de firme, e coido que se acadarán os prazos previstos. Para ese día agardamos contar coa presenza do máximo representante da Xunta de Galicia.

Moitas gracias a tódolos que axudades a construír cada día a nosa casa, o CENTRO GALEGO.

XOSÉ TERCEIRO FOLGAR.

Presidente do CENTRO GALEGO DE LLEIDA.

SAÚDO DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

Ano tras ano, antes e agora, dende sempre, dende calquera posto de servizo, próximo ou distante, sentín a presenza de Galicia e dos galegos, dos que están na nosa terra dos que viven noutras de España e dos que ó ancho do mundo todo souberon testemuñar coas súas vidas o noso xeito de ser e as nosas calidades. De sentilo así, nas máis diversas situacións, encóntrome orgulloso.

Por todo iso, cando chegan os días nos que o tempo nos traslada dun ano a outro aínda novo, sen estrear, veñen á miña memoria os tempos xa pasados, os distantes e os aínda próximos, as persoas e os pobos, as familias e os traballos, os que estades aquí e os que estades fóra e lonxe, os grandes galegos do onte e os que, en verdade, sodes galegos do presente. A uns quixera lembralos con todo afecto e gratitude, e a vós saudarvos coa mellor das amizades e a máis firme das esperanzas.

Sempre crín que Galicia debe moito ós seus emigrados, tanto a nivel de persoas coma de pobos, porque dende a distancia eles fórona facendo, retornando a ela ou quedándose nos países de acollida; nun e outro caso, engrandecéndoa. Porque é a grandeza do traballo e do esforzo, xunto coa fondura dos sentimentos comúns, os que constrúen un país, os que afirman un recoñecemento alleo e os que referendan a permanencia na propia identidade.

Por máis que cambien as maneiras e por moitas que poidan selas necesidades, cando está a rematar este ano de 1996, quixera recordar que debemos seguir estimando os valores que aprendemos dos nosos pais e nos que nos criamos e nos que vivimos dende nenos no ámbito das nosas familias.

A solidariedade entre os viciños, a axuda recíproca duns a outros, nas faenas do campo e da mar, a acollida brindada ó familiar que emigrou despois, ó parente, ó amigo, ó paisano. Esa lección que moitos coñecedes por propia experiencia e que, ás veces, confésase non agradecer bastante, aínda que ningún galego saiba ter un corazón desagradecido.

En numerosas ocasións esa solidariedade tradúcese en empresas familiares, en sociedades compartidas, en industrias comúns e deixou un sinal de honradez e de eficacia, de seriedade amable e de agudizado enxeño. É a mesma traxectoria que nos esixen os tempos actuais, aínda que parezan outros os intereses. Ese prestixio do bo facer e de facelo ademais ben é o que nos demanda o futuro sólido para Galicia, o porvir que todos queremos, pero un porvir compartido entre uns e outros, máis alá de residencias e avexiñamentos, sen egoismos nin exclusivismos.

Un novo ano achégase e para este 1997 quero desexarvos o mellor, felicidade e ventura, prosperidade e traballo, ledicia persoal e familiar e éxito nas actividades das vosas Comunidades, Centros e Asociacións, porque esa é tamén a aspiración de Galicia e de todos nós.

Para todos, un Bo Nadal e un Aninovo feliz.



MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente da Xunta de Galicia.

UN EJEMPLO DE PLURALIDADE CULTURAL

Nunha das miñas últimas viaxes a Catalunya, concretamente a Sabadell, tiven a inmensa sorte de compartir unha xornada coa maioría dos galegos que alí viven aglutinados arredor do Centro Galego "Nós". A sensación que percibín foi a que sempre sentín cando me atopei cos galegos da diáspora. Neles o orgullo de sentirse defensores de Galicia ten unha raigame máis forte, se cabe, que a de quenens tivemos a grande sorte de non ter que abandonar nunca a nosa terra.

Tamén a lí foi onde me atopei cos directivos do Centro Galego de Lleida, entre eles co meu tocaio Celso González Gómez, que me pediu esta humilde colaboración para a revista que está nas súas mans. "Xurdimento" é un claro expoñente do que debe ser a convivencia harmoniosa entre as culturas. Isto, estou seguro, é froito do xeito de entende-la vida por parte de tódolos galegos.

A pluralidade cultural que amosa este Centro penso que é algo tremendamente salientable. A propia publicación é mostra delo, así como a influencia de línguas con artigos e reportaxes en galego, catalán e castelán son un claro exemplo. Non ven a facer outra cousa máis que a refrenda-la traxectoria de pluralismo que se caracterizou.

Falando de línguas debo dicir que dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ó tempo que nos preocupamos, como non podía ser doutro xeito, de apoia-la normalización do galego axeitadamente, e de intentar impulsar un maior uso da nosa fala na comunidade galega, tamén intentamos potenciar tódolos cursos de formación en Língua Galega que se celebran nos diferentes Centros Galegos, espallados polo mundo adiante, en colaboración coa Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas.

Un dos ámbitos máis destacados da educación é precisamente a súa contribución á formación para lograr unha maior cultura. Ademáis, ten que ser unha das mellores formas e maneiras para contribuír e manter viva a chama da cultura galega nos paisanos que tiveron que emigrar, pero que intentan manter un contacto permanente con Galicia.

Por todo elo, sempre hai unha lembranza dos que vivimos nesta maravillosa terra chea de verdor, para quenens quizáis non teñan a sorte de vivir en paraxes tan privilexiadas. Galicia e os galegos temos moi claro que unha grande parte do noso corazón, do noso sangue e da nosa vida, está fora das fronteiras que limitan este país, con aquelas persoas que, polas razóns que foran, tiveron que saír da súa terra. As comunidades galegas asentadas fora de Galicia, froito desa emigración realizada por tantos homes e mulleres queridos por nós, e obrigados a facer un grande esforzo e sacrificio, deben ver feito realidade o dereito a esa galeguidade.

Non seríamos un pobo bó e xeneroso, senon pensásemos nos que se foron; non seríamos un pobo bó e xeneroso, se non egoísta e inxusto, se non tivésemos noso corazón e nosa mente cos que se foron. Por eso a galeguidade é unha das razóns de ser e actuar dos galegos e da nosa Comunidade Autónoma galega, da nosa Galicia á que eles pertencen.

Por todo elo quero manifestarlle-lo meu recoñecemento persoal e a sincera felicitación por todo canto fan para contribuír ó espallamento da nosa cultura polo mundo adiante, neste caso nun país como o catalán que sempre souvo defende-las súas tradicións e acoller ós galegos como irmáns. Agardo que "Xurdimento" teña unha longa vida e siga a ser voceiro das inquedanzas de quenens tanto queremos a Galicia desde a proximidade ou a lonxanía.



CELSO CURRÁS

*(Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria da Xunta de Galicia).*

L'ALCALDE DE LLEIDA



Un any més celebrem el Nadal i amb ell arriba a les nostres mans una nova edició de la revista Xurdimento, portaveu consolidat, de les virtuts del poble gallec.

Iniciatives com aquesta permeten apropar llaços que uneixen cultures distintes, com són la gallega i la catalana, però a la vegada preocupades amb d'úes, per difondre el respecte i l'estima tant dels valors propis com els dels altres col·lectius.

Desitjo i espero que Xurdimento, com d'altres de les moltes manifestacions de la dedicació i el tarannà diari del Centro Galego, ajudi a desenvolupar el civisme i la comprensió entre els pobles, i a potenciar el treball conjunt entre ells, per a que el creixement de la cultura pugui llegir-se amb un llenguatge universal i sense fronteres.

Vull finalitzar, donant les gràcies a tots, tant els que amb el vostre treball feu realitat projectes com aquest a la nostra ciutat, com els lleidatans i lleidatanes que amb generositat i apoio us ajuden a fer-los possibles.

A tots enhorabona.

Un ano máis celebrámo-lo Nadal e con el chega ás nosas mans unha nova edición da revista "Xurdimento", portavoz consolidado xa, das virtudes do pobo galego.

Iniciativas como esta permiten estreita-los lazos que unen culturas diferentes, como son a galega e a catalana, pero ó mesmo tempo preocupadas ámbalas d'úas, por difundi-lo respecto e a estima tanto dos valores propios coma os de outros colectivos.

Agardo e desexo que "Xurdimento", como outra das moitas manifestacións da dedicación e do quefacer diário do Centro Galego, contribúa a desenrolar o civismo e a comprensión entre os pobos e a potencia-lo traballo conxunto entre eles, para que o crecemento da cultura poida lerse na linguaxe universal sen fronteiras.

Quero findar, dándolle-las gracias a todos, tanto ós que co voso traballo facedes realidade proxectos coma este na nosa cidade, como ós "lleidatáns" e "lleidatanas" que coa súa xenerosidade e seu apoio axudan a facelos posibles.

A todos, ¡Noraboa!

Un año más celebramos la Navidad y con ella llega a nuestras manos una nueva edición de la revista Xurdimento, portavoz consolidado ya, de las virtudes del pueblo gallego. Iniciativas como esta permiten estrechar los lazos que unen culturas distintas, como son la gallega y la catalana, pero a la vez preocupadas ambas, por difundir el respeto y la estima tanto de los valores propios como los de otros colectivos.

Espero y deseo que Xurdimento, como otra de las muchas manifestaciones de la dedicación y el quehacer diario del Centro Gallego, contribuya a desarrollar el civismo y la comprensión entre los pueblos y a potenciar el trabajo conjunto entre ellos para que el crecimiento de la cultura pueda leerse en un lenguaje universal y sin fronteras.

Quiero finalizar dando las gracias a todos, tanto a los que con vuestro trabajo hacéis realidad proyectos como este en nuestra ciudad, como a los leridanos y leridanas que con su generosidad y apoyo os ayudan a hacerlos posibles.

A todos enhorabuena.

ANTONI SIURANA I ZARAGOZA

Alcalde de Lleida.



SALUTACIÓ

Ens hem acostumat, any rera any, a tenir aplegades en un volum totes les activitats anuals que realitza el Centro Galego establert a Lleida, i això gràcies a la revista Xurdimento, una publicació que, ja del tot consolidada, forma part de la nòmina de revistes que s'editen a la nostra ciutat.

L'agermanament de la cultura gallega i de la catalana és sobradament indiscutible si tenim present que la participació ciutadana en les activitats del Centro Galego és cada vegada més fructífera, signe evident de la bona convivència i de l'enriquiment que suposa qualsevol mena d'intercanvi cultural.

Per tot això és que plau de celebrar totes les iniciatives d'aquesta entitat i felicitar tots aquells que, sovint des de l'anonimat, hi dediquen talent, disponibilitat i entrega.

JOSEP GRAU I SERIS
Presidente da Diputació de Lleida.

SALUTACIÓ

Un any més m'heu oferit l'oportunitat d'adreçar-me a vosaltres, gallecs de Lleida, per desijar-vos un felix any 1997. Un cop més, doncs, tinc la gran satisfacció de poder expressar-vos el meu agraïment per la noble tasca que el Centre Gallec està desenvolupant amb la finalitat de mantenir forts els llaços amb la terra que els ha acollit.

El Centre Gallec sempre ha estat a la nostra ciutat un punt de referència indiscutible pel que fa a la integració dels seus membres en la nostra societat i, alhora, una via molt valuosa pels lleidatans per a conèixer-vos més i millor. En unes altres paraules, estic plenament convençut que una bona part de l'exquisida relació existent entre gallecs i lleidatans és deguda a la constant activitat del Centre Gallec en favor de la tolerància i el respecte.

Aquest és el vostre gran mèrit, que amb una sincera admiració vull fer constar en aquesta publicació. I per a que l'esmentat tarannà no deixi de donar els bons fruits que ha generat fins ara us encoratjo a continuar sent portadors d'aquests valors, tolerància i respecte, que no poden sinó produir unió, entesa i amistat entre els gallecs i els catalans.



FRANCESC VIDAL I CODINA
Delegat del Govern de la Generalitat a Lleida

SAÚDO PARA "XURDIMENTO". CENTRO GALEGO DE LLEIDA

De moi lonxe no tempo, alá cando a Galicia, por Santiago o Apóstolo, ían os "romeus", cruzando tódolos camiños, ven a vinculación de Lleida coa nosa terra. Un vínculo moi recobrado, como todos coñecemos, nesta última década do noso século, gracias ó empuxe desa Comunidade de galegos, que sabe estar presente, activa e participando nos seus acontecementos, na vida desa fermosa cidade.

Cando chegan os días que rematan os anos, acostumámoslos homes, calquera que sexa a nosa actividade, a facer balance de como nos foron as cousas, os nosos asuntos, as nosas empresas, a realización dos nosos proxectos e a resposta habida ás nosas ilusións e esperanzas. Un pouco de todo iso é tamén hoxe e neste número o que fai Xurdimento, a vosa revista, na que, como sempre, queredes demostrar a perfección no irmanamento.

Falaba dunha presenza de vínculos e, agora, fágoos dunha fraterna convivencia, na que a concidadanía harmoniosa e coparticipativa é evidente, para resaltar que, en moitas ocasións, á hora dos arqueos o convivir de cada día pasa desapercibido a pesar da súa importancia e transcendencia.

É mérito dos galegos, en calquera lugar do mundo e, por tanto, en tódolos continentes, por

dispares que sexan os pobos, a capacidade de adaptación e de sintonía. E isto, fano -podo testemuñalo polos moitos que coñezo nos seus respectivos ambientes- mantendo a súa propia identidade, pero sen illamento, conscientes da



universalidade do home. Por iso, con frecuencia, penso se esa actitude é natural, espontánea, e non meritória.

Dalgunha maneira tamén, xunto á sentida necesidade de se agrupar entre eles, é dicir, entre nós cando nos atopamos fóra da nosa terra, latexa unha ansia de presenza de Galicia. Esta é, en ocasións, dinámica, como ocorre coas actuacións dos nosos grupos de baile e música, de canto ou de teatro; e noutras é estática,

mediante a imaxe dos cruceiros, das placas das rúas ou dos monumentos.

Aí, gracias á iniciativa dese Centro e da Asociación de belenistas e á entusiástica acollida por parte do Concello, púidose plasma-lo enlazamento desa terra e a nosa, coma recordo histórico e como tradicional testemuño, a través da "Plaça dels Fanalets de San Jaume", na que o causante da tradición lleidatana, o Apóstolo Santiago, está presente e con el, toda Galicia.

Ó lembrarme de todos, socios e directivos, dese Centro Galego de Lleida, das vosas familias e das vosas inquiredanzas, quérovos expresar a miña felicitación por todo o que fixestes e o desexo que pronto se proceda á inauguración oficial desa Praza na que, como dixeran e dalgún xeito, está presente Galicia, coma o está, gracias a vós e ás vosas actividades, no vivir desa histórica capital.

Un bo Nadal e Aninovo a todos vós.

**FERNANDO
AMARELO DE CASTRO**
*Secretario Xeral para as
Relacións coas Comunidades*



HACER LAS COSAS BIEN Y DIFUNDIRLAS

El colectivo de gallegos que reside en Lleida es un grupo importante de personas que pasa de las mil familias, que está perfectamente arraigado en nuestra provincia y organizados, desde hace 20 años, a través del Centro Galego de Lleida que canaliza las actividades culturales, folklóricas, recreativas y sociales.

El grupo de danza Xurdimento y la coral Cengallei, dirigida por la profesora Rosa González Mahía, son dos importantes muestras de la huella que va dejando el Centro en las distintas actuaciones que realizan estas dos agrupaciones cada temporada.

Mi relación personal con los gallegos de Lleida ha sido siempre excelente pero recuerdo con especial cariño mis encuentros, de la década de los 80, con otro grupo de gallegos de San Salvador (Bahía), durante mi estancia en Brasil, con motivo de mi actividad profesional en aquellas tierras. Este encuentro lejos de Lleida, con componentes de la Casa de España y del Centro Gallego, me produjo verdaderamente una gran ilusión que aún me reproduce imágenes inolvidables.

Desde entonces, se ha acentuado mi interés por el Centro Galego de Lleida, como segunda institución regional fundada en nuestra provincia, que se ha caracterizado siempre por la comunicación entre sus asociados. Fruto de esta información nació la revista Xurdimento, cuyo primer número, según me han explicado, se redactó a mano.

Las 10 revistas editadas han ido dejando constancia histórica de la vida del Centro porque Xurdimento va recopilando los acontecimientos más destacados del Centro Galego, ya que no sólo hay que hacer las cosas bien sino, además, darlas a conocer y propagarlas, como bien lo hace el Centro Galego a través de su revista.

Este órgano de comunicación, un año más, difunde el trabajo de la Junta de Gobierno y sus colaboraciones, la actividad social del Centro y también se hace eco de la participación que realizan los gallegos en los distintos acontecimientos que se programan durante un año en Lleida. Sin duda alguna, esta información entra a formar parte de la historia del Centro y de Lleida.

Finalmente, desearía resaltar un hecho de este colectivo de gallegos diseminados por toda España y por todo el mundo y es el gran amor que tenéis a vuestras raíces, a vuestras costumbres y a vuestra tierra. Lo que os honra como un gran pueblo.

JUAN BARIOS ORTÍZ
Gobernador Civil de Lleida.

SANTES I BONES FESTES

Celebrar Navidad fuera del hogar propio, o de la tierra en la que nacimos, lleva consigo una carga de añoranza. La sensibilidad de cada uno -y la de los gallegos es muy notable- pueden hacer más difícil impedir la influencia negativa de esta añoranza, de forma que disminuya la alegría que es propia de estas Fiestas de Navidad. Sin embargo existen factores que ayudan a superar esta dificultad.

Uno de ellos es el interés en incorporarse a la nueva comunidad ciudadana, como si hubiera sido siempre la propia. Me honro en felicitar a la colonia gallega por el esfuerzo realizado en este sentido, cuyos resultados positivos están fuera de duda.


Otro de los factores, es el ambiente de acogida dispensado por la comunidad que recibe a los desplazados de su propio hogar. Nadie puede dudar de que Lleida se ha distinguido en ser hogar de fácil acogida para cuantos proceden de otras Regiones. Sin duda a la Sagrada Familia le fue de gran consuelo la acogida amable de los pastores y de los naturales de Belén que, invitados por los ángeles, acudieron a dar su parabién a aquel matrimonio que acababa de enriquecerse con el nacimiento de Dios hecho hombre. Deseo que esta memoria de la Navidad histórica, la de Jesús en Belén, continúe siendo un estímulo para incrementar la acogida cariñosa entre nosotros de la colonia gallega.

Que mi felicitación navideña a los queridos miembros de la colonia gallega en nuestra ciudad se convierta en plegaria. Pido al Señor que incremente a los que han venido de lejos su espíritu de integración. A la vez que le ruego que en nada disminuya, sino al contrario, se acreciente el espíritu de acogida familiar por parte de los leridanos.

Amb aquestes actituds confio que les festes nadalenques d'enguany es celebraran amb tota felicitat. Seran també garantia d'un Nou Any plé d'alegria i prosperitat, com ben de cor desitjo per a tots, i en particular pels volguts membres de l'estimada Colònia Gallega a Lleida



† **Ramón Malla,**
Bisbe de Lleida.



OPTICARLOS



Dr. Fleming, 6 TEL: 23 99 38
25006 LLEIDA

Blondel, 27 TEL: 27 31 61
25002 LLEIDA

Plaza Mercadal, 10 Tel: 44 65 36
25600 BALAGUER



LIDER EN EL MERCADO ESPAÑOL
EN MOTORES DIESEL Y GASOLINA

COMERCIALIZACION PARA TODA ESPAÑA
DE MOTORES DE IMPORTACION

ASYSUM, S.A.

DEPARTAMENTO
COMERCIAL


Tels 212047-212018

Ctra. Comarcal 1313 Km 1'5

Partida les Canals

25191 LLEIDA

FAX 212010



HOMENAXE A "L'AGRUPACIO ILERDENCA DE PESSEBRISTES"

A min pouco me vai a ciencia cando desminte os meus soños ou cando me rebaixa ata a prosa do demostrado. Tanto me ten co apelido da miña cidade, se de Galicia é berce dun pobo, proveña doutras raizames filolóxicas das que aprendín sendo neno.

Dí unha cantiga popular, referíndose á Vía Lactea, que hai un camiño de estrelas no ceo e que nos leva a Santiago. Tamén a antiga tradición cóntanos que o monxe de San Fins de Solovio, o ermitán, viu unha estrela na que o levou a descubri-lo sartego do noso pai na fé, Iacob, o fillo máis vello do Zebedeo. Eu, amiguiños quedome naquilo de que "Compostela" é "Campo de estrelas" e non outra cousa, a pesar de que en verdade o sexa, e aínda máis nos tempos de Nadal.

Deixádemme, pois, facer unha estrela de papel de prata coma se aínda fose un rapaz. Deixádemme voltar naquela inxenuidade fonda e sabia, semellante á que amosaron os Magos indo tra-la do ceo á procura da "claridade nacente".

*Allá un lucero que huye
de la magia a la verdad,
y es realidad su destino
y es cierta su señal.*

*¿ Quiénes creen en la estrella,
quiénes la ven pasar...?
¿ A dónde se fué despacio ?
Dejadla... sobre el Portal.*

Nosoutros, os meus irmáns e mais eu, prendiamola con alfinetes, unha vez feita, sobre o anaco de corcho posto coma teito do Portal... e alí quedaba ata moi pouco despois dos Reis -día dos Reises que dicía o pobo, normativizando de tal xeito a lingua-. Naqueles tempos, os Magos, nin pola súa maxia saían da probeza, afirmaban os nosos país, e pese a ilo non se esquecían de nós e traíannos algún xoguete.

Mais a estrela, alí suxeita, enriba do pesebre infantil, tanto por razón dos que a faciamos, canto polo personaxe principal do seu interior, case

que nos dicía:

*Voltade os ollos ó neno probe,
buscar sen choros nen desesperos,
humildosos, sinxelamente,
á luz ardega que hai en Belén.*

As estrelas son referencias orientadoras dos homes, sinais de luz. Luz para o sentido e luz do sentimento. Elas están no lostregar dos ollos dos nenos e no relucir esperanzado do mirar dos vellos. Hai ollos como estrelas e estrelas coma ollos. Estrelas que berran e estrelas do silencio. Luceiros de mil sorrisos e bágoas que refulxen coma estrelas do pensar.

*¡ Ai, cómo choran os homes !
¡ Ai, cómo morren os nenos !
Nun mundo de desesperos,
preñado de desconcertos,
soio atopan solución nun Deus,
que do ceo baixa, pequeno.*

A noite, cando máis brillan as estrelas, remata sempre no día, por ese paso do tempo, que non se deten nin se deita, que está decote en movemento, cara adiante coma o vento. Despois caen as follas do calendario, árbore xigante da vida que nunca sae do outono, aínda que non o pareza, e chega un ano tra-lo que xa nos foi ido. Nova esperanza, ilusión nova, xoguetes, estrelliñas... sempre é novo o que nos trae o tempo, pero...

*Non hai tempo sen Nadal,
dixolle a neve ó Sol vello;
encolleu seus longos raios
e presto lle respondeu:
ben sei que a luz é o Neno.*

En verdade, meus amigos, ¿ qué nos ven a se-lo tempo? O reloxo anda a medilo, mailos homes o fixeron. ¿ Seran o día e a noite os que nos miden a nós e ós tempos? Eses non xurdiron das mans dos homes nin dos seus miolos. Cando foron moitos os pasados e xuntámoslos xa por vellos, por lonxanos aló no onte, coma espellos, dicimos que son historia e non sei se iso é certo. A historia é máis ben

cada un dos nacementos.

*La Navidad es algo intemporal
sujeto al tiempo...*

*Aconteció en la hora cero de la
Historia*

*y se reproduce veloz en cada
instante.*

*En cada segundo hay un Belén
múltiple y vario.*

*Cada vuelco de amor hacia un
hermano es calor humano*

*que se proyecta sobre el frío
pesebre del Establo.*

As vidas son camiños no tempo e tódolos camiños están xunguidos ás estrelas. Os reis, viñeron dun lugar ou doutro, peregrinos, camiñantes pola terra, dende lonxe, fiándose fondamente do luceiro, tamén peregrino, achegáronse a Belén. Estrelas e camiños, camiñantes, peregrinos...

*Un niño, por amor, es peregrino,
a recorrer viene los campos y los mares,
a enseñar de las tierras el dominio
para anunciar a las almas despertares
y que los hombres andemos su Camino.*

Nesta escolma das miñas panxoliñas, breviario bilingüe dos meus Nadales, desexo rendi-la miña admiración ós pesebristas de Lleida, xa que comprenderon o sacro valor dos camiños e axudaron a deixar unha fita de vencellamento co chamado Camiño de Santiago, que vai seguindo, polas terras, a ringleira de estrelas brancas.

Sen ese Camiño e o seu primeiro peregrino, non poderíamos coñece-lo miragre que recollo na panxoliña deste ano, na que veño a dicir:

*Chegar, chegar o meniño a Belén
e fixo o seu fogar neste mundo,
sen querer esquecerse de ninguén.
Veu espido, coma outro calquera ven,
naceu de muller, acampou na terra,
pequechiño, é noso Deus do alén.*


**FEDERICO POMAR
DE LA IGLESIA**

**CONSTRUCCIONS
A. VILLANUEVA i BLANCH**



Dr. Fleming, 41 - 7è. 1a.
Telèfon 26 64 17
25006 LLEIDA

**restaurant
CAN QUEL**



Carretera del Doll, C-147 Km. 25
Tel. (973) 29 20 85
25615 FONTLLONGA
La Noguera (Lleida)



comarsa
comercial marmolista, s.a.

MARMOLES
PIEDRAS
GRANITOS
CANTERIA

Palauet, 131 - Teléf. 20 59 75 - 25001 (La Bordeta) LLEIDA

APROVEITA-LA VIAXE A ANDORRA

Andorra, país situado na vertente meridional dos Pireneos, onde a lingua oficial é o catalán, constitúe un macizo montañoso, onde a economía tradicional baséase na agricultura, a gandeiría e un discreto contrabando entre os países veciños. Un activo comercio, iniciado nos períodos da guerra de España (1936/39) e de Francia (1939/45), e no auxe do turismo deixaron nun segundo término as actividades agrarias. Achéganse españoles e franceses atraídos pola compra de artigos de importación, máis baratos debido ó baixo nivel tributario e polos deportes de inverno.

Agardo que a información que se recolle neste artigo, sexa de utilidade á hora de realiza-las súas compras e na súa visita ó país veciño.

As propiedades ás que se lle aplica o réxime de viaxeiros son os contidos no equipaxe persoal dos mesmos, sempre que se trate de operacións de carácter comercial, é dicir, aquelas que presenten carácter ocasional, e consistan exclusivamente en mercancías reservadas ó uso persoal ou familiar dos viaxeiros, ou estean destinadas a seren ofrecidas como agasallo, sen que pola súa natureza ou cantidade poida presumirse a súa afectación a unha actividade empresarial ou profesional.

Aquelas cousas de importación/exportación que estiveran condicionadas á presentación de algunha autorización especial (armas, obras de arte, CITES, medicamentos, etc.), poderán importarse/exportarse, en todo caso, deste reximen.

Para calcula-lo valor na Aduana tómase como base a factura definitiva da compra que se deberá aportar, en tanto que ésta represente o precio real pagado ou por pagar. Cando non exista factura de compra, acudirase ós métodos secundarios de valoración que establecen as normas comunitarias; dentro do método denominado "último recurso", o valor poderase determinar mediante as aplicacións de táboas de valores-tipo elaboradas pola Dirección Xeral de Aduanas e Impostos Especiais.

Benefíciense da franquicia fiscal e dos dereitos de importación as importacións, por persoa e viaxe, dentro das seguintes limitacións:

a) Mercadorías incluídas nos capítulos 1 ó 24 de arancel (Sistema Armonizado):

- Para viaxeiros de 15 ou máis anos: 175 ECUS (28.500 Ptas.)
- Para viaxeiros de menos de 15 anos: 90 ECUS (14.900 Ptas.)

b) Mercadorías incluídas nos capítulos 25 ó 99 do arancel:

- Para viaxeiros de 15 ou máis anos: 525 ECUS (86.000 Ptas.)
- Para viaxeiros de menos de 15 anos: 270 ECUS (44.000 Ptas.)

e) Límites de franquicias específicas:

• Labores de tabaco:	
Cigarrillos.	300 Unidades.
Cigarritos (hasta 3 gr.)	150 Unidades.
Cigarros puros	75 Unidades.
Tabaco para fumar	400 gramos.

• Bebidas alcohólicas:

Graduación alcohólica de máis de 22 grados	1,5 litros.
Graduación alcohólica de menos de 22 grados.	3 litros.

(Os viaxeiros menores de 17 anos non se benefician destas dúas franquicias.)

Pefumes	75 gramos.
Augas de tocador	3/8 litro.
Café	1000 gramos.
Extracto e esencias de Café	400 gramos.
Té	200 gramos.
Extracto e esencias de Té	80 gramos.

O valor da mercadoría con franquicia específica non se toma en consideración para a determinación da franquicia por valor.

Franquicia do Capítulo 1 ó 24 do Arancel Aduaneiro Comunitario:

Leite en pó	2,5 Kgs.
Leite condensada	3 Kgs.
Leite fresca	6 Kgs.
Mantequilla	1 Kg.
Queixo	4 Kgs.
Zucre e doces	5 Kgs.
Carne	5 Kgs.

Nos casos da franquicia, cando o valor global excede dos límites indicados en cada caso, aplicarase a exención ás compras que separadamente se poidan beneficiar dela, tendo en conta que o valor dunha soa compra non se poderá fraccionar (partir).

NOTA: Estas franquicias redúcense á décima parte para os viaxeiros que residen nos municipios situados dentro da distancia de 15 Kms. do punto polo que atravesan a fronteira e pasan frecuentemente pola mesma, para traballadores que residindo a un lado da fronteira realicen o seu traballo habitualmente nos lugares situados ó outro lado da mesma, e para empregados dos medios de transporte utilizados no tráfico internacional.

Para finalizar, sinalar que en canto a movementos de moeda metálica, billetes de banco e cheques bancarios ó portador, estén cifrados en pesetas ou en moeda extranxeira, deberán formular unha declaración previa, cando o seu importe sexa superior a un millón de pesetas por persoa e viaxe, á saída do territorio nacional.

JOSÉ JAR COUSELO
Escola de Servicio Fiscal
(Sabadell)

CIRCULACIÓN Y SEGURIDAD VIAL EN CONDICIONES CLIMÁTICAS ADVERSAS

D).- INTRODUCCIÓN.

La circulación de vehículos es un hecho de vital importancia en la sociedad actual, sometida a una regulación bastante precisa y rigurosa en aras a garantizar la vida humana además de otros aspectos intrínsecos a su propia existencia y justificación. Todo ello obliga a considerar otros términos que no están recogidos en las normas ordinarias sino que más bien son el producto de la experiencia, de recomendaciones en los medios de comunicación y aprendizaje fuera de los cauces habituales de las escuelas de conductores, las cuales "enseñan en condiciones de normalidad", porque la conducción es una materia en la que el aspecto práctico representa un porcentaje que supera con creces al puramente teórico, ya que a conducir no sólo se aprende en las Autoescuelas, sino que la experiencia se adquiere conduciendo vehículos.

Presuponiendo que la superación de un examen habilita para conducir, analizaremos someramente los aspectos relacionados con la circulación y seguridad vial en aquellas condiciones meteorológicas adversas, tan distantes de las ideales en que aprendimos a conducir y que la sola experiencia en el "campo de batalla" de la carretera, nos podrá enseñar.

De todos es conocida la incidencia negativa, que los factores climáticos desfavorables tienen en la conducción de vehículos en general; los medios de comunicación nos agobian, principalmente en invierno sobre la necesidad de extremar las máximas precauciones cuando la meteorología hace más difícil los viajes.

II).- CIRCUNSTANCIAS ADVERSAS.

Una breve reseña de los diferentes aspectos que negativamente influyen en las condiciones de circulación y seguridad vial, permite dividirlos principalmente en: lluvia, niebla, nieve, hielo y viento.

1.- LLUVIA: Este fenómeno en función de su mayor o menor intensidad, reduce sensiblemente la visibilidad por sí misma, agravada además por la cortina de barro y lluvia que producen los vehículos, disminuyendo asimismo la adherencia de los neumáticos a la calzada, y la eficacia del sistema de frenado, pudiendo originar el conocido fenómeno de "Acquaplaning".

Ante estas circunstancias y como precauciones generales, conviene moderar la velocidad, aumentar la distancia de seguridad y accionar frecuentemente los frenos para

secar las pastillas.

De igual modo conviene llevar los neumáticos en perfectas condiciones de uso, con dibujo adecuado y la presión precisa, escobillas del limpiaparabrisas en perfecto estado, una bayeta seca, sistema de aireación del vehículo en perfecto estado, etc..

2.- NIEBLA: Estas circunstancias por su imprevisible aparición, se caracterizan por producir una disminución muy importante de la visibilidad, a la vez que provoca riesgo de alcance, y obliga a circular muy lentamente, siendo muy peligrosa sobre todo en los adelantamientos.

Una vez que aparece la niebla, hay que encender inmediatamente el alumbrado de cruce, o los antinieblas delantero y trasero si el vehículo dispone de los mismos.

Igualmente, hay que reducir considerablemente la velocidad, para adecuarla al espacio de visibilidad existente al frente, y aumentar la distancia de seguridad, evitando en lo posible realizar adelantamientos.




Foto 1. N-III. Puerto de Piqueras. Soria. febrero 1996.

3.- NIEVE: Este factor hace especialmente peligrosa la circulación al disminuir sensiblemente la adherencia de los neumáticos del vehículo a la calzada, ocasionando la pérdida del control de los mecanismos de mando de los vehículos, con el consiguiente riesgo de accidente además de provocar cortes de carretera cuando la nevada alcanza cierta intensidad.

Ante estas circunstancias, es imprescindible y obligatorio utilizar las cadenas cuando así se indique en los paneles señalizadores o por los Agentes de Tráfico, salvo que el vehículo vaya dotado de neumáticos especiales.

La conducción sobre nieve requiere un exquisito

manejo de los elementos de dirección, frenado y aceleración, y especialmente una velocidad muy reducida, para poder ser dueños en todo momento del control del vehículo.

Como recomendación adicional, se aconseja llevar en el vehículo prendas de abrigo adecuadas y el depósito de combustible lleno, ante la posible incidencia de un corte de la carretera que nos obligue a permanecer detenido por largo tiempo.

4.- HIELO: Destaca este fenómeno atmosférico por su aparición súbita e imprevisible, a la vez que su apariencia externa no se manifiesta claramente a la vista, cuando no es muy intenso, al confundirse con el propio asfalto, ocasionando la pérdida del control del vehículo y la salida de la calzada, o la colisión con otros vehículos.

Las carreteras principales, normalmente en las zonas de posible presencia de hielo en la calzada, suelen estar señalizadas, especialmente en aquellos lugares orientados hacia el norte. Ante esta situación hay que dominar inmejorablemente el sistema de frenado, limitándose a levantar el pie del acelerador y controlar el vehículo con el volante girándolo hacia el lado para donde se va la parte posterior del vehículo. En los vehículos sin el sistema ABS, al frenar en una curva con hielo, se bloquearán las ruedas y el vehículo continuará recto.




Foto 2. N-III. Puerto de Piqueras. Soria, febrero 1996.

5.- VIENTO: Cuando el viento alcanza cierta velocidad, constituye un serio peligro porque produce la pérdida del control del vehículo y puede ocasionar vuelcos, especialmente en vehículos de dos ruedas, vehículos voluminosos, autocaravanas etc..

En estos casos conviene reducir la velocidad y sujetar con firmeza el volante, vigilando los obstáculos que el viento pudiera arrojar a la calzada así como el cruce y adelantamiento a otros vehículos, especialmente con los de gran tonelaje.

III).- RECOMENDACIONES.

En General se podrían establecer para todos estos supuestos, las recomendaciones siguientes:

- * Abstenerse de circular por aquellos puntos de la geografía nacional, en que las circunstancias atmosféricas así lo aconsejen.

- * Consultar antes de emprender un viaje al teléfono de información de la Dirección General de Tráfico 900-123-505 (gratuito).

- * Llevar en el vehículo al menos una manta, ropa de abrigo, cadenas, linterna, juego de lámparas, rueda de repuesto, pinzas de batería, triángulo de preseñalización de peligro, etc...

- * Revisar el vehículo en general, pero especialmente: frenos, neumáticos, alumbrado, anticongelante, bujías, limpiaparabrisas y sistema de aireación del vehículo.

- * Llevar el depósito de combustible lleno.
- * No dormirse con el motor encendido.
- * Conducir prudentemente, y a velocidad moderada.
- * Evitar adelantamientos inseguros.
- * Respetar la distancia de seguridad.
- * Detenerse en un lugar seguro cuando la visibilidad impida continuar viaje.

Juan Rodríguez Gómez-Dacal
Licenciado en Derecho.

Assessoria

LABORAL
FISCAL

Anna Ma Molina

COMPTABLE
ASSEGURANCES

Roca Llaurador, 1 altell B • Tel.: 28 07 38 • 25003 LLEIDA

INCOTEL, S.A.

Instalaciones Hostelería - Alimentación - Colectividades

**COCINAS INDUSTRIALES - FRIO COMERCIAL - LAVANDERIAS
MOBILIARIO - CAMARAS INDUSTRIALES - DECORACIONES
EXTRACCIONES DE HUMOS - SONIDO - AIRE ACONDICIONADO
ALIMENTACION - COMUNIDADES - MENAJE DE CRISTAL Y LOZA**

C/ Salmerón, Nº 12
Teléfono 973/ 24 83 16*
Fax 3 08 81
25004 LLEIDA

INTELSAT, S.A.
SERVICIO TECNICO
C/ Maragall, 17
Teléfono 973/ 26 92 22
25003 LLEIDA

TÓDOLOS DÍAS NACE UN NENO FALANDO GALEGO

Desde séculos atrás tódolos días do ano naceron e nacerán nenos falando galego e tódolos días do ano foron e serán días Das Letras Galegas. E aínda que xa pasou a data sinalada no calendario, ese día está sempre preto de nós, e sempre produciu en min certa inqueda. E isto, desde a miña xuventude, cousa que obriga a miña mente a voar un chisco, e non digo como o Sr. Serrat, de Alxeciras a Estambul... e aínda que non saibamos ben en que Galaxia, nin pintemos de azul as longas noites de inverno... decidinme por pensar nun neno, nun principião, que aterrou no deserto das ideas, e que baixou ata a beirarrúa para saber o que pensa o humano sesudo que vive desde antergos nesta esquina atlántica, sendo como é fillo do mar e das montañas. A min díxome o principião que a esta xente sempre lle estorbara o horizonte, e que por iso eran emigrantes e conquistadores. Eu dicíalle que eran cosmopolitas coma os gorrións, porque sempre atopas algún en calquera parte do mundo. Pero ben, decidinme e fun dar unha volta co neno-principião pola rúa, e así saberíamos o que pensa o cidadán de a pé do día das LETRAS GALEGAS. Con educación e paciencia dispuxémonos a poñer-lo termómetro (ou globo sonda) á xente de distintas profesións e ideoloxías, e así fomos intuindo se había algún erro naquilo que supoñíamos, aínda que o meu obxectivo real era confirmar o xa suposto.

Vexamos pois, cales son as preguntas e mailas respostas:

¿ Que pensa vostede do día das LETRAS GALEGAS ?

1ª resposta = É un invento da Academia Galega no franquismo para tapa-lo espacio sufrido pola lingua durante 400 anos.

2ª resposta = Todo lo que es burocracia se jode y el poder corrompe... quiero decir que está politizada.

3ª resposta = Non ten por que existir.

4ª resposta = É unha forma de reivindicar (recuperar un dereito).

5ª resposta = Estoy de acuerdo con el día de las Letras Gallegas por ser una forma de consolidar la cultura gallega.

6ª resposta = Hai xente comprometida e outra que está a longa distancia, e que se enrola en cursiños e cousas semellantes como soporte e "modus vivendi".

7ª resposta = Que está ben. É un día de vacacións...

Xa vos podedes dar conta de se o meu neno-principião non quedou alelado. E como é abondo optimista dixo: " Algúns humanos aínda teñen senso común " e a miña resposta foi: "Non sufras pequeno filósofo, que aínda queda camiño por andar..."

E imos axiña en busca doutras cuestións das que só subliñamos unha para non amolar moito a quen teña a paciencia de lernos.

¿ Que pensa vostede do ensino do galego ?

1ª resposta = Que están a facer dos rapaces coellos de indias cos que se leva anos experimentando e remedando a outros sistemas europeos.

2ª resposta = Que hai profesores de lingua e fala castelán dando materia de galego.

3ª resposta = Que non se acaba de ver unha normativa estable... creándose un despiste no alumno, etc.etc.

E eu e mailo meu principião, pobriño de mío, seguimos pola

rúa en busca do neno que naceu hai séculos facendo e falando galego e aínda que sei que está moi ben e que está no corazón do pobo, fixen como o filósofo agnóstico que sempre anda con moitos traballos en busca da verdade ou ben como diría un neno pequeno, "mais mellor", na busca dun Deus perdido que para min sempre será católico, apostólico e GALEGO... Pero ben, vou deixarme de lerías e dicir o que penso do meu principião e máis do neno galego "facente" e parlante que naceu hai moitos séculos, co que temos unha débeda, e tan grande, como a que debemos de ter cara a persoa que mantén a lingua que a súa nai lle ensinou falándolle e facendo que a mamase da súa raíz. Eu sempre pensei que non é posible mata-las ideas, os homes sí que poden matarse; e ben verdade que así foi e seguirá sendo...

A espada no medioevo era moi nobre, aínda que foi arma de dous fíos, e case sempre castigou ó máis frouxo, o mesmo có fusil e outras cousas que matan sen que fagamos conta de que os nenos orfos medran e conservan as ideas dos seus pais e incluso poden vengalas... Diría o filósofo e o fabulista. "Intelligentibus pauca"... que traducido ó galego imaxino que é: "a bo entendedor poucas verbas", aínda que eu coido que o home galego é sobrado de intelixencia para non ser vengativo. E ¿ a onde vou con isto ? , resumindo quero dicir que a lingua galega e o bo facer do pobo galego que foi conservando de por sí a súa lingua e cultura en contra dos aldraxes e dificultades que lle opuxeron algúns reis e cabaleiros dende a baixa idade media, mais foi como o neno forte que se vai criando no berce de pau e que chega a home forte, e aínda diría máis un heroe anónimo que sobreviviu en dificultades.

Quen podería discutir a Menéndez Pidal cando dí: "Durante a idade media hai na Península dous grupos de poesía lírica: a Galego-portuguesa e a castelá, a galega de estrofa paralelística completada en estribillo, a castelá de villancico inicial glosado en estrofas".

Non quero falar do rei sabio e das súas cantigas de Santa María, nin ir a fondo falando das Cantigas de Escarnio e maldicer, nin das de Amor e de Ledino.

Mais ben quedarémonos, eu e mailo neno-principião, coas de Amigo porque así poido falar coas frores, coas árbores e cos paxaros, e mentras e non, o noso neno segue medrando e eu recitando:

*Levad amigo que durmides as manhanas frías
toda'las aves do mundo d'amor decían
leda m'and'eu...*

*Levad amigo que dormides as manhanas frías
toda'las aves do mundo cantavan
leda m'ande'eu...*

A música xa a fará Amancio Prada e o neno galego ha de seguir MEDRANDO.

Para tódolos galegos de Lleida

LUIS VILLARES PAZ
Arquiveiro do Concello do Ferrol



SUMINISTROS INDUSTRIALES SAGRERA, S.L.
CRISTALERÍA DEL AUTOMÓVIL
VENTA Y MONTAJE EN TALLER PROPIO Y A DOMICILIO



Por gentileza del Centro Gallego Obtendrán un obsequio al cambio de un cristal de su vehículo.

Sagrera, 166
Tel. (93) 352 29 58 - 349 16 95
Tel. y Fax (93) 408 33 67
08027 BARCELONA

Ton Sirera, 2
Tel. (973) 28 29 26
Tel. y Fax (973) 26 28 26
25002 LLEIDA

REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DAS COMUNIDADES GALEGAS.

Celebrada en Santiago de Compostela os días 13 e 14 de decembro 1996.

Reuniuse a "Comisión Delegada do Consello das Comunidades Galegas", no Pazo de San Caetano baixo a presidencia do Sr. Secretario Xeral de Relación coas Comunidades Galegas, D. Fernando Amarelo de Castro, á que asistiron tamén os Xefes de Servicio da devandita Secretaría, D. Juan Castellano Herrero (da Administración), D. Argimiro Rios Iglesias (de Xestión Social), D. Manuel Rodríguez Ferreiro (de Accións Formativo-Culturais) e D. Federico Pomar de la Iglesia (Xefe da Sección Unidade de Apoio á Secretaría Xeral), xunto cos representantes dos Centros e Entidades do Consello seguintes: Luis Prieto Lorenzo (Lar Gallego de Avilés), Julio González Álvarez (Centro Galego de Vizcaia en Baracaldo), Celso González Gómez (Centro Galego de Lleida), José Ignacio Paz Bouza (Centro Galego de Salamanca), José Calvo González (Centro Galego de Marsella), Juan Patiño (Centro Galego de Lausanne), Fernando Méndez (Centro Gallego de

Buenos Aires), Avelino García Melle (Centro Galicia de Buenos Aires), Julio Diz Fernández (Sociedade de Caballeros de San Salvador de Bahía), Higinio Gómez (Casa de Galicia de Montevideo), Antonio Collazo Aradas (Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas), José Durán Pérez (Centro Orensano de Montevideo) e José Gómez Martínez (Presidente saínte da Casa de Galicia de Montevideo).

O Sr. Amarelo de Castro, fixo unha ampla exposición das actividades levadas a cabo perante o ano 96, con detalle sobre dos Plans e Programas establecidos. Vexamos unha síntese:

Axudas Asistenciais Individuais: Axudas económicas directas e individuais de carácter extraordinario e non periódico, dirixidas fundamentalmente a galegos residentes en América, para paliar as súas necesidades de alimentación, aloxamento e atención sanitaria. Foron repartidas 969 axudas, representando unha porcentaxe do 85% das solicitudes, cunha coantía

media, por beneficiario, de 40.000 ptas.

Axudas Asistenciais a Entidades Galegas: Destinadas a centros de beneficencia, fogares, centros hospitalarios ou outras comunidades que prestan servicios asistenciais e sanitarios. Atendéronse tódalas solicitudes, nun total de 23, sendo os principais beneficiarios os "Hogares de Ancianos de Buenos Aires e Montevideo", os centros hospitalarios do Centro Galego de Buenos Aires e da Casa de Galicia de Montevideo, centros hospitalarios e de beneficencia asentados en Salvador de Bahía, Río de Xaneiro, Santos e Sao Paulo en Brasil, entre outros.

Vacacións para lembrar: Dirixido a galegos ou descendentes, con máis de 60 anos e súas donas, residentes noutras Comunidades de España, Alemaña, Francia, República Checa e Suíza, facilitándolles a estancia dun período vacacional de dúas semanas en Galicia, nunha residencia de tempo libre. Das 252 solicitudes presentadas, foron atendidas e concedidas 150 prazas, correspondendo a España 127, e as restantes os países xa mencionados. Proponse que poidan asistir as persoas que reúnan os requisitos establecidos, aínda que non teñan familiares directos en Galicia.

Reencontros: Posibilitase o retorno a Galicia dos emigrantes galegos que teñan escasez de recursos, con máis de 60 anos de idade, e leven máis de 25 no estranxeiro. Os beneficiarios deben ter familiares en Galicia. Este programa ten dúas liñas de actuación, por un lado facilitar unha estancia de dúas semanas nunha residencia de tempo libre, e pola outra banda posibilidade de convivir ata un máximo de 3 meses cos seus familiares de orixe. No



período comprendido entre os anos 90/96, beneficiáronse un total de 1038 persoas, sendo os de máis asistencia os procedentes de Arxentina, Brasil, Cuba e Uruguay.

Cursos de terapia Ocupacional:

Perante o ano 1996 impartíronse dez Cursos dirixidos á poboación galega da terceira idade residente na Arxentina, Brasil, Cuba e Uruguay.

Axudas a Estudiantes Universitarios Galegos na Emigración: Este programa ten por finalidade facilitar a realización de estudos universitarios de primeiro e segundo ciclo nas Facultades e Escolas Técnicas das Universidades Galegas. No ano 1996 presentáronse 36 solicitudes para 15 axudas convocadas, por importe de 400.000 ptas. cada unha.

Cursos de especialización: O obxectivo destes Cursos, de acordo co contido de cada un deles, é o perfeccionamento dos monitores ou directores das agrupacións de teatro, danza e música popular de Galicia, creadas nas propias Comunidades e institucións galegas do exterior, e de maneira indirecta, a mellora-la calidade artística das mesmas. O número total de participantes foi de 50. Como contido complementario impartíronse algunhas clases de técnica instrumental de gaita nas que colaborou D.José Taboada Sánchez, do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais de Galicia.

Cursos de Formación Ocupacional e Empresarial: Dirixidos a mellora-la formación técnico-profesional dos galegos ou seus descendentes, residentes no exterior. No ano 96 concedéronse nove, cun total de 259 alumnos.

Cursos de Língua, Literatura, Historia e Cultura Galega: A súa finalidade é recupera-la língua materna, facilitando a súa aprendizaxe, así como aqueles que, non sendo galegos, teñan interese por coñece-lo noso idioma ou a historia do noso pobo. Neste ano pasado de 1996, celebráronse 55 cursos cun total de 1654 alumnos. Este

programa, en conxunto, é o resultado da colaboración establecida entre esta Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Plan de Accións Culturais: O desenvolvemento deste Plan precisa unha Programación moi diversificada, tendo en conta as distintas actividades que veñen desenvolvendo as nosas entidades con sentemento de Galeguidade. Esta actuación céntrase nos seguintes programas: "Concurso Público Cultural de Artigos Periódicos, Contos, Video, Pintura, Debuxo e Fotografía", "Axudas para a realización de Actividades Asociativas e Culturais", "Acción informativa na Galicia Exterior", "Dotación para Bibliotecas", "Cursos de Danza, Música e Confección de Traxes Tradicionais" e "Cursos Extraordinarios".

Plan de Accións Xuvenís: A continuidade das nosas Comunidades e a pervivencia activa das mesmas, depende en gran parte de que se consiga despertar-lo entusiasmo da xente nova nas actividades dos nosos Centros e Entidades. Este é o obxectivo deste plan que inclúe os seguintes programas: "Actividades Campamentais", "Cursos de Animación Xuvenil" e "Dotacións de Equipamentos deportivos ós Centros".

Plan de Asistencia Estructural e de Equipamentos dos Centros: Este Plan de grande magnitude, tanto pola elevada cuantía dos programas como pola trascendencia que supón a continuidade en mellores condicións de vida das nosas comunidades. Contémplanse os seguintes programas de actuación: "Axudas para a rehabilitación dos locais e instalación dos Centros e para novos proxectos asistenciais", "Axudas para mellora-las dotacións e equipamentos dos Centros", "Axudas para mellora-los equipamentos dos grupos folklóricos dos centros", "Dotacións de instrumentos musicais" e "Axudas para equipamentos de informática e comunicación". Realizouse un informe dos profesores Peña e

Rodríguez sobre o Estudio, publicado pola Secretaría Xeral para R. coas C. "Informe Socio-educativo sobre los gallegos de la Tercera Edad en América".

Destacou que foi moito o feito, aínda tendo en conta as dificultades presupuestarias polas que se atravesou, dependendo fundamentalmente da capacidade realizadora dos Centros e do esforzo do persoal da Secretaría, máis ca de ningunha cousa.

Tamén participou o Presidente da Xunta de Galicia D.Manuel Fraga, quen despois de saudar persoalmente a cada un dos membros da Comisión Delegada, dixo, entre outras cousas que as "nosas Comunidades galegas son hoxe no mundo as organizacións máis exemplares entre toda a emigración que poida haber nos diversos países".

Acordos máis importantes tomados na Reunión da Comisión Delegada:

- Concede-la "insignia de ouro da Galeguidade", (a segunda que se concede) neste caso, ó Ex-Presidente da Xunta de Galicia D.Gerardo Fernández Albor.

- Celebra-lo Pleno do Consello da Galeguidade en Ourense os días 1 e 2 de agosto do ano 1997. As ponencias que se desenvolverán perante estes días son:

- 1- Acción Social, con especial atención á Terceira Idade.

- 2- Importancia da Xuventude na Galeguidade.


- 3- Actividade Cultural.

- 4- Participación na Política española.

- Celebra-lo "DÍA DA GALICIA EXTERIOR". A Comisión Delegada acordou que se celebrara o día 3 de agosto como remate do Consello das Comunidades en Santiago de Compostela.

- A próxima Reunión da Comisión Delegada, será o día 31 de xullo de 1997 en Ourense, denantes de encele-lo Pleno do Consello.

CELSE GONZÁLEZ GÓMEZ



Martín Ruano, 21 • Tel. 27 44 11 • Fax 27 50 28 • 25006 LLEIDA
Sant Joan de Mata, 1 • Tel. 20 29 18 • Fax 20 28 35 • 25001 CAPPONT (Lleida)
Plaça la Sal, 11 • Tel. 24 25 70 • Fax 24 98 87 • 25007 LLEIDA
Jacint Verdaguer, 15 • Tel. 71 07 67 / 71 16 78 • Fax 71 07 67 • 25230 MOLLERUSSA (Lleida)
Pare Manyanet, 28 • Tel./Fax 65 20 66 • 25620 TREMP (Lleida)
Plaza España, 9 • Tel. (974) 42 86 53 • Fax 42 86 63 • 22500 BINEFAR
Jaume Huguet, 1 • Tel. (93) 278 30 20 • Fax 278 20 19 • 08019 BARCELONA
Y 20 tiendas más en el resto de España.




ELECTRICITAT INDUSTRIAL

Masana, S.L.

- Instal·lacions elèctriques
- Manteniment
- Quadres de comandament
- Bobinatges
- Reparacions

Polígon Industrial "El Segre" • Parcel·la 707, naus 3 i 4
Telèfon 21 10 88 – Fax 21 10 89
25191 LLEIDA



J. MADORELL
A. AGUSTI

DISSENY D'INTERIORS

Passeig de Ronda, 57 - baixos Tel. 281948 Fax 263231 25006 LLEIDA



mármoles san pancraccio, s.a.

Fábrica y Oficinas:
AVGDA. PRESIDENT TARRADELLAS, 89
Teléfonos 20 22 38 - 20 21 63
25001 LLEIDA

Fábrica:
Ctra. Tarragona, Km. 3
Teléfono: 20 34 94

ABRAZA-LAS ÁRBORES

Teño escoitado que hai moito tempo había unha meiga ou curandeira galega, no lugar de Sober, ó carón do Sil, que o primeiro que facía ó receitar un tratamento ou recomendar unhas curas era pedirlle á persoa doente que acudise onda unha árbore o carón dun río e lle dese unha aperta forte ó longo de bastante tempo, e a carga negativa que tiña esa persoa desaparecería paseniñamente.

Sábese tamén que en países nórdicos, "teóricamente" avanzados, a "abrazoterapia" ou curas a través do abrazo (tanto entre persoas como ás árbores) está sendo cada día máis recomendada polos médicos; de feito creo que se poden observar regularmente nalgúns parques succos a persoas abrazadas as árbores.

As árbores, ademais de axudar a manter vivo o noso vello planeta, agasállannos coa curación de moitas enfermidades que nós temos, xa que tamén delas se extraen a maior parte dos compoñentes que enchen as menciñas nas nosas boticas.

O taxol do teixo estase

empregando con éxito en certo tipo de cancros de mama e ovario nas mulleres; doutras árbores extraense tamén produtos que algún día poderían chegar a curar enfermidades que hoxe sementan o medo na socie-



dade moderna, coma o cancro e a sida.

Por iso é necesario reivindicar a diversidade forestal coma garantía primeira dun ecosistema rico e que nos ofrece día a día infinidade de posibilidades,

fronte ós cada día máis abondosos monocultivos de tal ou cal especie (eucaliptos e piñeiros en Galicia) mentres os teixos e acivros, por exemplo, fican cada día en menor número.

Abraza-las árbores, ensinar ós nenos e aprender nós mesmos a achegarnos as árbores, como a ese amigo gracias o que vivimos, pode selo primeiro paso cara a conquere-la harmonía necesaria para convivir neste planeta, e de paso recupera-la sabenza dos máis vellos, deostados e esquecidos tal vez por entenderen insignificante a súa sabedoría; e mais aínda nos tristes tempos que parece nos vai tocar vivir podemos retomala coma a mellor ferramenta para loitar pola vida.

Non o dubides: cada mañá un abrazo a unha árbore e canto máis nervioso, estresado ou deprimido esteas, máis abrazos; e se estas árbores son carballos, castiñeiros, cerdeiras... propias da Galiza, moito mellor.

ANXO

(Da súa colaboración en "Irimia").

CAMIÑO CARA O XUBILEO DO ANO 2000

"Xubileo" significa ledicia, celebración gozosa. Na vida de cada e un de nós, o xubileo máis frecuente é o que fai referencia ó nacemento. Celebra-lo cumpleaños é tanto como aludarse pola vida, como canta-la vida, como agradece-la vida. Eu, pola miña banda, confeso que unha das cousas que máis me gustan é pasa-lo día do meu cumpleaños perto dos meus pais, perto daqueles que, polo amor mutuo, me transmitiron a vida, e échenme de gozo os seus bicos pola mañá, o seu "Feliz cumpleaños", que me sona nos ouvidos do corazón e "Que ledicia que naciches un día, da nosa propia carne, e agora eres a nosa filla, fuches e segues a ser tí, tes feito cousas, déchenos netos que nos queren e respétannos coma tí, e sode-la coroa da nosa vellez..."

Tamén as persoas -e os grupos- celebramos outros xubileos da nosa vida: as bodas de prata dun casamento, dunha Institución; as bodas de ouro, de diamante... Pero o grande acontecemento xubilar cara o que camiñamos na actualidade, é o paso ó terceiro milenio. Agora ben, ¿qué é propiamente un ano xubilar ?

O pobo do Antigo Testamento celebraba cada sete anos o ano sabático, no que se deixaba repousa-la terra, non se sementaba nin se segaba, era obrigado liberar ós escravos coas súas mulleres e fillos, perdoábanse tódalas deudas e tódolos predios vendidos ou dalgunha maneira enaxenados debían voltar ó seu antigo dono. Eso mesmo pero con moita maior amplitude e solemnidade, celébrase no ano xubilar, cada cincuenta anos. No libro do Levítico atopamos o seguinte: "Declararedes santo o ano cincuen-

ta, e proclamaredes na terra liberación para tódolos seus habitantes. Será para vosoutros un xubileo; cada un recobrará as súas propiedades, e cada quen regresará á súa familia (...) Neste ano xubilar recobraredes cada un a vosa propiedade" (25,10.13)

No ano xubilar cada israelita recuperaba a terra dos seus pais que tivera perdido ou vendido porque consideraban que a terra era propiedade de Deus, e Este tñalla dado, de modo que naide podía privarlles dela. Do mesmo xeito tampouco podían ser indefinidamente escravos, pois o Deus dos seus pais rescatáraos da súa escravitude no país de Exipto. Seguimos lendo no Levítico : "A terra non pode venderse para sempre, porque a terra é miña, xa que vosoutros sodes para mín como forasteiros e hóspedes. (...) Eu son Jahveh, voso Deus, que vos saquei da terra de Exipto, para darvo-la terra de Canaán e se-lo voso Deus." (25,23.38)

Os israelitas sabían, pois, que tódolos bens da terra estaban baixo o señorío de Deus, que El dáballes-los ós homes, e que, en consecuencia, aqueles que os tiñan en propiedade eran meros administradores das riquezas da creación, que, en nome de Deus, debían chegar a tódolos homes. Así o ano xubilar era o tempo dos máis pobres, dos desvalidos, dos desdichados. Ésta é a idea máis xenuinamente xubilar : perdón das deudas e liberdade dos oprimidos.

O mesmo sentido de redención e perdón teñen na Historia da Igrexa os Anos Xubilares. É especialmente notable o xubileo compostelano, pola antiguidade pola súa frecuencia. Parece que foi o Obispo Xelmirez o seu principal promotor, xa que

foi el quen obtivo de Calixto II (1119/1124) as Indulgencias xubilares e a declaración de Ano Santo Compostelano daquel 25 de xullo, en que a festividade do Apóstolo caese en domingo. E o 25 de xullo do 1179, o Papa Alexandre III outorgaba dito privilexio "A perpetuidade".

Agora estamos ás portas do paso ó Terceiro Milenio. O punto do que parte o cómputo do tempo que imos a celebrar é o nacemento do Mesías. É o Gran Xubileo porque celebramos que "na plenitude dos tempos", fai deso 2000 anos, o Fillo de Deus, fíxose un dos nosos no seno de María, da nosa estirpe, e entrou así na mesma historia do home. Conmemoramos que fai 2000 anos a eternidade penetrou no tempo, o que é o mesmo, o tempo rachou o velo de seus límites e deixouse traspasar de eternidade. En Xesús, o Cristo, a morte foi vencida e o home, redimido, puido erguerse ata Deus nun abrazo infinito.

O Gran Xubileo do ano 2000 é unha invitación á ledicia, pero tamén á reconciliación, á esperanza, ó agradecemento e ó compromiso. Non esquezamos esa dimensión profunda cando prevexamos e disfrutemo-la celebración xubilar. Organicemos festexos e dispoñámonos a exultar de ledicia cando caiga a última folla do calendario, pero non deixemos pasa-la ocasión de prepararnos para vivir ese momento non como kronos -tempo de reloxo, que se nos esvara imparabile entre os dedos como graus de area- senón coma kairós -tempo de oportunidade, ocasión de perdón e liberación.

M^a ÀNGELS ALMACELLAS
BERNARDÓ



SUCURSAL LLEIDA:

Rbla. Ferran, 20
Tel.: (973) 24 60 12
Fax: (973) 24 59 30
25007 LLEIDA

Director: *Julia Sala Bardaji*

CENTRAL:

Rosellón, 250
Tel.: 215 20 74
Fax: 215 27 66
08037 BARCELONA

Director: *Francisco Eyre*

SUCURSAL SEU D'URGELL:

Av. Pau Claris, 10
Tel.: (973) 35 18 00
Fax: (973) 353 81 19
25700 SEU D'URGEL

Director: *Sergi Ruiz Navarro*

ATENDER Y ASESORAR FINANCIERAMENTE

Para nosotros es muy importante aprovechar la oportunidad que nos brinda la revista "Xurdimento" de poder dirigirnos nuevamente al colectivo de amigos gallegos en Lleida.

En primer lugar queremos agradecer tanto al Presidente del Centro, D.Xosé Terceiro, como al resto de los componentes de la Junta Directiva, las facilidades y colaboración recibidas para la celebración del acto de presentación de "Caixa Galicia" en Lleida, que tuvo lugar el pasado 18 de Diciembre de 1996. Agradecimiento que asimismo hacemos extensivo a todos los que nos honraron con su asistencia en el acto.

CAIXA GALICIA, está presente en Lleida y en La Seu d'Urgell desde Mayo de 1996, a raíz de la importante expansión que nuestra entidad está llevando a cabo por el territorio nacional.

A modo de resumen, creemos que, en estos momentos, **CAIXA GALICIA**, es una de las entidades financieras más importantes del país; no en vano ha merecido por segundo año consecutivo la más alta calificación de solvencia de la prestigiosa Agencia I.B.C.A. (Oficina Europea de Clasificación de Crédito), en base al sólido balance, alta rentabilidad, importantes resultados, calidad de nuestros activos y riesgos, posición de liquidez, generación de recursos y capitalización.

Esta magnífica realidad nos llena de orgullo, del que estamos seguros todos ustedes son partícipes y nos motiva para afrontar con dinamismo y seguridad los cambios que se están produciendo y los más importantes que se avecinan en nuestro entorno europeo; retos como el de la moneda única, que **CAIXA GALICIA** está planificando en sus estructuras internas para garantizar una transición airosa para la institución y sus clientes.

Finalmente, queremos ponernos a su entera disposición para atenderles y asesorarles en todas las cuestiones financieras que puedan plantearnos.

En la confianza de que sabremos estar a la altura que nos obliga la importancia y prestigio de nuestra **CAIXA**.

CAIXA GALICIA.

ACTIVIDADES do CENTRO GALEGO de LLEIDA (ano 1996)

XANEIRO

19/01/96.

Celébrase a "SEMANA CULTURAL DAS CASAS E CENTROS REXIONAIS DE LLEIDA". No noso Local Social e durante o día 19 levouse a cabo, como contribución á devandita semana, unha conferencia sobre "O ALCOHOL E A CONDUCCIÓN", impartida polo noso socio e colaborador D.JUAN RODRIGUEZ GOMEZ DACAL, licenciado en dereito. Os actos prolongáronse dende o 15 ata o 29 deste mesmo mes.

20/01/96.

Cea de irmandade entre tódalas Casas Rexionais de Lleida, na que participaron 250 personas, coa asistencia de varias autoridades locais e rexionais.

FEBREIRO

03/02/96. Como cada ano faise a "MATANZA DO PORCO". asegún o noso ritual típico, ó estilo da nosa terra galega. Actúa de "matachín" o noso socio Sr.Alonso. Cólgase, desfáise e fanse os chourizos. O xantar de degustación celebrouse á semana seguinte.

11/02/96.

Faise un xantar de irmandade entre tódolos socios e simpatizantes, que serve para encetar a "Semana Cultural do Centro Galego de Lleida", que se celebra dende o 13 ó 18



do mes de febreiro.

13/02/96.

Inicio da Semana Cultural. Exposición de dibuxos infantís e traballos manuais, a cargo da "Vocalía da Dona". Concurso de "Realización de Tortillas" seguido de proxección de videos culturais sobre Galicia.

14/02/96.

Conferencia sobre "A XUVENTUDE E O LECER". Interesantísima e con moita asistencia de público. Foi impartida polo Sr.Comisario de Policía desta capital Lleidatana, D.Fernando Aranzana López.

15/02/96.

Presentación do número 9 da nosa revista "XURDIMENTO" a cargo do Excmo. Gobernador Civil de



Lleida, D.Jordi Carbonell i Sebarroja. Neste acto foi agasallado o noso Centro Galego, polo Editor da propia revista Sr.Rey, quen fixo entrega dunha placa.

16/02/96.

Conferencia sobre TRADICIÓN I COSTUMS, a cargo do simpatizante e colaborador D.Joan Bellmunt, escritor de varios libros.

17/02/96.

O Centro Galego de Lleida, a través da "Vocalía da Dona", participou cunha carroza, no desfile do Entroido organizado polo Concello.

18/02/96.

Celebración de Misa cantada pola "Coral CENGALLEI", na Parroquia de Sant Jaume, á que pertencemos. Posteriormente, no local social faise a Asamblea Anual que transcurriu con normalidade. Péchase o acto cunha cea de irmandade entre tódolos asistentes.

MARZO

09/03/96.

A "Vocalía da Dona", organiza unha excursión a Calatayud, co fin de visita-lo seu Centro Histórico monumental.

10/03/96.

Celebración da tradicional "Calçotada" nos pagos da Grayena. O día comezou coa asistencia á Santa Misa, cantada pola nosa "Coral CENGALLEI". Fomos acompañados por diversas autoridades, entre as que destacaban o Sr. Alcalde da cidade -D. Antoni Siurana-, a Primeira Tente. Alcalde Sra. Brugués, o Sr. Chico de CIU, o Sr. Pelegrí do Censell Comarcal del Segriá... Tamén estiveron presentes algúns representantes da Federación de Entidades Galegas en Catalunya, como Saudade e o Centro Galego de Tarragona, entre outros, xunto cos nosos socios e simpatizantes.

17/03/96.

O noso grupo de "Danzas e Gaitas Xurdimento" inaugurou en "Els Alamús", localidade próxima a Lleida, o "Primeiro encontro de Esbarts Dansaires". A asistencia de público foi moi numerosa. A iniciativa partiu do propio concello da devandita localidade e da Federación de Casas Rexionais de Lleida.



23/03/96.

Celebración da Santa Misa no Oratorio da Nosa Señora das Dores. Participación da "Coral CENGALLEI".

A confraría do Centro participará, o Domingo de Ramos, no paso da Santa Cena, como ven sendo habitual cada ano, pola Semana Santa.

31/03/96.

Participación da nosa Confraría na Procesión de "Els Dolors", acompañando o Paso da Santa Cea.

ABRIL

05/04/96.

A Confraría do noso Centro participa na "Procesión de la Purísima Sang", acompañando ó Nazareno.

MAIO

04/05/96.

A "Vocalía da Dona" organiza unha excursión á "Feira de Abril de Santa Coloma de Grammanet (Barcelona)".

05/05/96.

A "Coral CENGALLEI" canta na misa celebrada polo Sr. Obispo na capela do Hospital Provincial, en lembranza do día de "ELS MALALTS". Pequeno concer-



to nas salas do Hospital interpretando pezas do seu repertorio.

11/05/96.

Participación do "Centro Galego de Lleida" na Ofrenda Floral ó Patrón "San Anastasio". Os fillos dos socios ían vestidos co noso traxe típico galego.

No desfile de Carrozas, pola Rambla Ferrán da cidade, organizado pola Comisión de Festas, participa o noso "Centro Galego de Lleida".

Na verbena das "Casas Rexionais", tamén se fai nota-lo noso "Centro Galego" dando a coñecelos nosos produtos típicos da terra.

12/05/96.

Actuación do "Grupo Xurdimento" no "Camp d'Esports" conxuntamente coas demais Casas Rexionais de Lleida.

Participación da "Vocalía da Dona" na "FESTA DE MOUROS E CRISTIÁNS", dentro do programa da "Festa Major de Lleida".

25/05/96.

Desprazamento a Barcelona para participar na celebración do DIA DAS LETRAS GALEGAS, organizado pola Federación de Entidades Galegas de Catalunya. Celebración de Santa Misa cantada pola



nosa "Coral Cengallei". Na mostra de bailes populares participa o noso "Grupo Xurdimento" cunha selección de pezas e bailes da nosa terra.

XUÑO

01/06/96.

Dous matrimonios maiores de 60 anos, pertencentes ó "Centro Galego de Lleida". Participan no programa:

"Vacacións para lembrar", da Secretaria Xeral de R, coas Comunidades Galegas no Exterior.

Celebración do DIA DAS LETRAS GALEGAS, no Centro Galego de Lleida. Actos que se desenrolaron: Conferencia e recital de poesía. Na "Aula Magna do Institut d'Estudis Ilerdens". Asiste un numeroso público e personalidades destacadas do mundo da Cultura e políticos de Lleida. A conferencia estivo a cargo de D.Federico Pomar de la Iglesia, periodista. A figura glosada na conferencia foi Xesús Ferro Couselo, a quen se lle adicaron as Letras Galegas do 1996. Recital de música e poesía ofrecido pola nosa "Coral CENGALLEI", con poemas de Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro e Alvaro Cunqueiro. Findouse a celebración nos locais do Centro cunha cea de

irmandade.

Visita de destacados membros e directivos do Centro do Consello Regulador de Denominación de Orixe "RIBEIRA SACRA", das provincias de Lugo e Ourense. Dispoñen de cata de viños tintos "MENCIA" e brancos "GODELLO". Desprazáronse a Lleida co fin de estudia-los sistemas de cultivo e protección anti-xeadas nas finças RAYMAT.

SETEMBRO

15/09/96.

Celebración do Día de Breogán, comezando coa asistencia á Santa Misa na igrexa parroquial de Vilanova da Barca, con acompañamento da nosa "Coral CENGALLEI". Conmemoración do día cunha comida campestre no lugar "RACO D'EN PEP", durante a que se sortearon típicos produtos de Galicia.

24/09/96.

Asistencia á Santa Misa na Capela da Academia Mariana, en honor da Virxe Branca, con acompañamento da "Coral CENGALLEI".

irmandade.

XULLO

15/07/96.

Celebración da Festividade do Apóstolo Santiago, Patrón de Galicia.

AGOSTO

09/08/96.

28/09/96.
Participación do "Grupo Xurdimento" de Danzas e Gaitas Galegas nas "Festas de Tardor" da cidade de Lleida, cunha actuación ás 20 horas na Praza Ricard Vinyes, diante de numeroso público.

29/09/96.

Excursión organizada pola "Vocalía da Dona", con desprazamento a Barcelona para visita-lo "Acuarium", así como tamén o parque temático CATALUNYA EN MINIATURA, na localidade próxima de Torrellas de Llobregat.

OUTUBRO

08/10/96.

Comezo dun curso intensivo sobre COSTUMS I TRADICIONS, impartido polo Sr.Joan Bellmunt i Figueres, durante os días 8, 15, 22 e 29 deste mes. A matrícula foi abondosa. Ó remata-lo curso entregáronse os correspondentes diplomas.

11/10/96.

Actuación do "Grupo Xurdimento" no Cuartel da Garda Civil, na conmemoración das Festas do Pilar.

NOVEMBRO

Celebración do tradicional "Magosto". Asistencia a unha Misa





celebrada en conmemoración dos nosos difuntos, cantada pola "Coral CENGALLEI", na parroquia de Sant Jaume. Nas instalacións do Centro degústanse as típicas castañas galegas asadas, acompañadas con viño da nosa terra. A velada transcorre ata ben entrada a noite. Tamén se reparten entre os asistentes os tradicionais "panellets" desta terra acollidora.

17/11/96.

Celebración da Santa Misa na

capela das Hermanitas da Caridade "Juana Jugan", co acompañamento da nosa "Coral CENGALLEI" e posterior actuación do noso "Grupo Xurdimento" de gaita e danzas, diante dos internos da Residencia.

DECEMBRO

10/12/96.

Participación da nosa "Coral CENGALLEI" cun recital de panxoliñas e villancicos na "MARATÒ TV3", organizado pola televisión Catalana nesta capital de Lleida.

18/12/96.

Presentación oficial, nos locais da nosa Entidade, da CAIXA GALICIA,

que inaugurou unha Oficina en Lleida.

22/12/96.

A nosa "Coral CENGALLEI", cantou a Santa Misa celebrada ás 11 horas na capela do Hospital Provincial. Despois agasallou ós enfermos, residentes e acompañantes nas distintas salas do Hospital, cunha selección de cancións populares, panxoliñas e villancicos típicos destas datas.

29/12/96.

Este Domingo, a nosa "Coral CENGALLEI" cantou a Misa na parroquia da Santa Magdalena, contribuíndo á celebración do seu "Cincuentenario".

31/12/96.

Celebración da despedida do ano vello e entrada de Aninovo. Reunión de socios e simpatizantes para brindar cunha copíña de cava e desexar prosperidade e ventura, para todos, no vindeiro 1997.

Avance das Actividades previstas desenrolar para o 1997:

- Edición dun novo número da Revista Anual "Xurdimento", onde se comenta a marcha da nosa Entidade e han-se publicar artigos de interés.

- Semana Cultural a desenvolver durante o mes de febreiro, conferencias, exposicións, presentación da Revista, cea de irmandade...

- Participación, cunha carroza, no desfile do Entroido organizado polo Excmo. Concello, a cargo da Vocalía da Dona.

- Organización, pola Vocalía da Dona, dunha "Calçotada" para socios e simpatizantes durante o

mes de marzo, nun lugar perto da capital Ilerdenca.

- Participación do noso Centro Galego, nos actos que se realizan no Oratorio da "Verge dels Dolors", en honor da Nosa Señora das Dores.

- A Confraría do Centro Galego de Lleida participará nas proceções que se celebran anualmente o Domingo de Ramos e Venres Santo.

- Ofrenda Floral nas "Festes de Maig", con motivo da famosísima "Ofrenda Anual ó Santo Patrón da cidade "Sant Anastasi".

- A Vocalía da Dona participa

na "Festa de MOROS I CRISTIANS".

- Colaboración da nosa Entidade no Desfile de Carrozas, para aporta-la nosa participación na celebración das Festas Patronais de Lleida.

- Actuación do "Grupo Xurdimento" durante a FESTA MAJOR. Cada ano este Centro Galego é convidado polo Excmo. Concello de Lleida, como un membro destacado da Festa Major.

- Celebración do "DIA DAS LETRAS GALEGAS", previsto para o mes de xuño. Tense previsto que existan conferencias sobre a

figura de "Anxel Fole", a quen se lle adican este ano 97 as Letras Galegas. Acto aberto a todos, socios e non socios.

- Participación no DIA DAS LETRAS GALEGAS EN BARCELONA, coa asistencia ós actos organizados pola Federación de Entidades Galegas en Cataluña.

- Participación activa do Centro na procesión dels Fanalets de Sant Jaume (24/xullo).

- 25 de xullo: Día de Galicia. Conmemoración da Festa do Apóstolo.

- Festividade de Breogán, celebrada anualmente pola Entida-

de, durante a primeira semana de setembro. Desprazamento de socios e simpatizantes a unha localidade próxima á capital.

- Celebración e participación nos actos que se celebran en honor da "Virgen Blanca", patrona da cidade, na Academia Mariana.

- "Festas de Tardor" en Lleida. Aportación do noso "Grupo Xurdimento" coa súa actuación.

- Asistencia á Santa Misa con motivo do día de TÓDOLOS SANTOS, na parroquia de Sant Jaume. Celebración do magosto con reparto de castañas e panallets, no Centro.

- Participación do Centro Galego de Lleida nos actos programados pola Federación de Casas Rexionais de Lleida.

- Colaboración e aportacións dos nosos "Grupo Xurdimento" e "Coral Cengallei", coas Residencias de Ancianos da cidade, así como co Hospital Provincial e outras Institucións de carácter benéfico-culturais.

LUÍS TRIGO.

¿ Por Qué ?

Nos acercamos con paso firme al Año Santo, también al final del siglo. La vida sigue y nos pone siempre a prueba sin preguntarnos si deseamos o no una cosa u otra. Cuando nos llega, si es buena, estamos contentos y hacemos partícipes a nuestros amigos, pero la vida trae otras cosas que no son tan agradables, y cuando éstas llegan nos afectan más que otras. Es en estas ocasiones cuando aguardas al amigo de verdad, éste te da la mano, te coge por el hombro y te dice: ¡Adelante, sigue que te falta poco para llegar donde tú mereces! Sigues y al llegar piensas que no sabes si es lo que tu mereces, pero te das cuenta que es este amigo quien te ayudó a hacer camino, y tienes que decirte: ¡Qué feliz soy de contar con esta gente amiga; merece la pena estar, ellos también lo merecen!

Te da tiempo de pensar que en la vida, la lógica muchas veces no es tal cual. ¿Por qué tiene que morir la gente inocente que cumple con su trabajo, que trunca su vida y la de su familia? ¿Por qué la juventud no tiene trabajo que la motive? ¿Por qué estas Navidades tanta gente no tuvo lo necesario para

vivir, y sin embargo otros lo desaprovecharon? ¿Por qué te encontraste de frente con un amigo, estas Navidades, y por orgullo, no le deseaste : ¡Feliz Navidad! ?... Si algún día pudieramos contestar a estas y tantas preguntas, que desde el niño hasta el anciano se plantean, quizás llegaríamos a vivir en un mundo mejor, y creo que si todos pusiéramos un poco de nuestra parte llegaríamos a conseguirlo. En un diario de tirada nacional, leía hace unas semanas un artículo en el que se explicaba que unos niños recogieron todas las monedas que dejaban de ser de curso legal, y con ese dinero recaudado, doscientas familias pudieron darle un vaso de leche a sus hijos, y también pudieron ofrecerles un juguete.

Fueron pocos niños los que tuvieron la iniciativa, pero se llegó a ayudar a 200 familias, por lo tanto ¡Imaginaros lo que podríamos hacer todo un pueblo! Intentemos ser mejores, y tal vez podamos responder estas preguntas, a veces, tan extrañas.

PILAR CAÑADELL

APUNTE SOBRE: "LOS PAZOS DE ULLOA"

de Emilia Pardo Bazán. Clásicos Castalia, 1990.

Emilia Pardo Bazán (1851/1921) é, sen dúbida, un nome representativo dentro do panorama literario español. A súa obra inxente, o seu gusto polo Realismo, as súas incursións no Naturalismo, a súa defensa da muller, os seus máis de cincocentos contos e uns mil cincocentos artigos, novelas como San Francisco de Asís, Mi romería, Un viaje de novios, De mi tierra, la fundación de la Sociedad "El Folklore gallego" (1884) a creación da revista "Nuevo Teatro Crítico", as súas clases na Universidade Complutense e o seu amplo círculo de amizades que inclúe a súa correspondencia amorosa con Benito Pérez Galdós, fan dela unha figura algo máis que interesante.

Agora ben, se resulta emblemática a figura da Condesa de Pardo Bazán, non o é menos a súa obra "Los Pazos de Ulloa" (1886), novela considerada polo máis importante crítico da súa época, Leopoldo Alas, como a súa obra maestra. Como sabemos, Los Pazos, é a primeira parte dun compendio de dúas; a segunda "La Madre Naturaleza", escrita un ano despois, retoma a historia inicial e ámbalas dúas, anque independentes, elaboran unha profunda reflexión sobor do sentido da dor e do mal na existencia humana. Centrándonos en "Los Pazos", diremos que a obra inspirada e ambientada na realidade circundante, a campaña galega, é o seu marco; e alí é onde se crea a atmosfera ideal para pinta-los costumes dunha sociedade en decadencia. Unha intriga intensamente dramática, tecida maxistralmente pola autora, cautiva ó lector e introdúceo directamente nunha sucesión de conflitos internos e motivos protagonizados polos personaxes: tema da criada amancebada, o adulterio que sérvenlle para amosa-la ruina moral e o envilecemento da nobreza rural galega; tema do cura enamorado

(idealismo relixioso e catolicismo oficial); tema do exacerbado amor maternal; ascensión social; política e caciquismo; a maxia, os sonhos; a caza coma ritual e fonte de destrución, e tal vez o máis importante, a oposición Natureza-Civilización. Todos estes motivos, desenrolados ó longo de trinta capítulos, convidannos a participar na vida duns individuos (don Pedro, Julián, Nucha, Sabel, Perucho...) marcados pola súa orixe "personajes naturales y personajes civilizados", que se enfrentan e pérdense nun medio hostil para os segundos : A Natureza e as súas leis.

A actitude narrativa da autora gusta da obxectividade; a súa linguaxe, por elo, utiliza diferentes rexistros, introduce coloquialismos, termos médicos, entretense no detallismo, xoga co estilo indirecto libre, e anque, en ocasións, intercala opinións, fobias, filias e comentarios culturais, fuxe dunha retórica grandilocuente e pretende, en definitiva, achegarse a Balzac, Flaubert, ó realismo da novela española dos séculos de Ouro ou, como non, facer súas as palabras de Stendhal : "A novela é un espello que se pasea ó longo dun camiño".

Visión profunda, ambientación contemporánea, verosimilitude do cotidiano, exploración dos sentidos e sentimentos, un lixeiro tono pesimista acompañado de toques irónicos, perfecta caracterización dos personaxes, pasaxes costumbristas seguidos de algún de corte romántico, representativas influencias do naturalismo "cercano" á pluma de Zola; unha trama ben elaborada e unha boa historia é o que nos ofrece esta novela escrita a finais do XIX. Indubidablemente, merece a pena saboreala.

M. TORRES BADIA



Especialidad en:
* PULPO
* COCINA GALLEGA

RESTAURANT
BAR



ENCARGOS
POR
TELEFONO

Dirección: MARIANO DE LA TORRE

TRINITARIOS, NUM.2 - TEL. 20 26 51 - 25001 LLEIDA

G A L I C I A : TERRA, XENTE, LÍNGUA, POBO

*Hai moitos anos que roda unha Terra no Ponente
despois de partos telúricos que o Tempo, Khronos, marcou:
montes, vales, terrachaira mailas costas, nus, xurdiron;
e a vella Nai, tamén núa, nin flanela para cubrilos achou.*

*Mais do Reloxo as agullas, tece que tece, teceron
chambriñas, roupa zaloira e todo un verde enxoval:
por vestilos de esperanza, de esplendor, de galanura;
por adoñar tantas bágoas da tenrura maternal.*

*E desde pegadas de home a Deidade sementara,
do Tempo e do seu Reloxo o home cómplice foi;
posuidor de tal beleza que en noivado veulle dada
púxose a oficiar de ourive e en alfaia a transformou.*

(Rogomhía)

Galicia é un poema épico/lírico escrito sobre o pergamiño dunha terra en que o único heroe é a súa xente que, ó longo das xeracións loitou coas sinxelas armas dun teimudo traballo. E así se fixo para dar canle:

- á singularidade da súa tenrura paisaxística,
- á expresión verbal do seu espírito,
- á concienciación da súa indentidade como pobo.

Velaquí o pergamiño, as fazañas e a loita.

- I -

XÉNESE E DESENVOLVEMENTO DUNHA TERRA

O berce e asento da vida galega tivo como primeiro protagonista o privilexiado chan desta terra nun verde recuncho da xeografía, tan antigo que se perde na fondura do tempo.

A súa situación apunta a se-la máis septentrional e occidental de España, como o acreditan a Estaca de Bares(43° 27' 25" de Lat. N.) e o Cabo Touriñán (5° 36' 43" de lonx. O.).

O seu relevo vaise acondicionando no seo dunha longa cronoloxía xeolóxica na que a calidade das rochas e o seu especial clima conforman fortes contrastes dende o Cantábrico ata Portugal e dende o Atlántico ata os lindes co resto de España.

Aparentemente só se perciben dous tipos de rochas: granitos e pizarras ou xistos. Pro a magmatización e o metamorfismo diron tantas variedades que chégase a dicir de Galicia que é un verdadeiro museo xeolóxico.

O chamado "complexo antigo" arrinca de preto de dous mil millóns de anos e foi produto de sedimentos que fíanse acumulando nas augas precámbricas e que foron evolucionando xeomorfolóxicamente ata constituírenos. Así se chegou á formación dun bloque que dende esa etapa tan primitiva do neo-algonquino, segue a transformarse por mor de dous plegamentos importantes: o Hercinián e o Alpino.

As acumulacións do Hercinián (alá polos trescentos cincuenta millóns de anos) produciron a maioría de serras e depresións, mentres que do outro movemento sinalado na era terciaria, o Alpino (uns setenta millóns de anos), xurdirán as acomodacións das rochas e os grandes foxos como o do Sil xunto con outras depresións de sona: Monforte, Sarria e as Pontes de García R.

A grande penachaira na que, fundamentalmente, se atopaba Galicia sofre, con estes derraderios sismos, os levantamentos e afundimentos devanditos chegando (na compañía da erosión) a movilizala liña costeira e a desenrolar, por exemplo, a maravilla das súas rías. E é que non só os movementos telúricos son causantes desta peculiar oroxenia: as etapas posteriores, Glaciar e Periglaciar, actúan á maneira de gubias que, cos seus gumes de xelo e dexelo, van rebaixando paseniñamente algúns dos cumes das meirandes alturas; así se vai configurando, en xeral, a complexa orografía da nosa Galicia.

E se en vez da pura investigación científica falara o sentimento....; ou: se mesturamos sucintamente ámbolosdous enfoques, poderíamos pensar nunha fermosa Escultura da Terra-Nai sentada e reclinada cara atrás, cos seus cóbados apoiados no chan e mirando ó ceo para ofrendar na súa actitude postural e xenerosa, as diferentes partes do seu corpo.

- **unha zona E.** (Entre o Eo e o Sil) na que o seu ombreiro formaría o grande paredón que nos separa do resto de España, con alturas que van dos 1600 ós 1978 m.(Caurel e Ancares) e por onde se abre unha porta de entrada: Pedrafita do Cebreiro.

- **unha zona meridional** onde a faciana voltada ó ceo, moi ben podería forma-los relevos da Cabeza de Manzaneda coa elevación máxima duns 2.200 m. (Peña Trevinca) formando o chamado "teito de Galicia" e facendo relación de amizade coas serras da Queixa, S. Mamede, o Burgo... en alternancia con chairas, fortalezas graníticas, circos glaciares e foxos ou depresión coma a do Támega.

O vaixeiro pode acceder ata aquí tra-los buratos do Padornelo e a Canda(1262 m.) Achegándose á Gudiña e ó val do Limia, un verdadeiro anfiteatro deseñado polas serras do Larouco, Xurés, Leboeiro ou Bande.

- **a zona central** do corpo da Terra-meiga coincidiría co espiñazo da configuración xeolóxica do chan galego. A Caba da Serpe, Serra do Faro, Montes do Testeiro e as depresións das Pontes e mesmo de Ourense, per-corren esta zona de dorsais. No medio, ofrécese a grande meseta de Lugo á que lle poñen marco as serras do Xistral, a Terra-Chá (unha formación aluvial con Villalba, máis ou menos, como centro) e as depresións de Sarria e Lemos nunha topografía plana, de arxilas e terrazas que protagoniza o Cabe, o río das "lavandeiras sospirando os seus amores" e "onde sempre é primavera e cantan os reiseñores".

E agora, o magnífico corpo desa tenra e forte Muller vaise abrindo cara ó mar, "ise camiño...", para dar paso:

- **á zona máis occidental de Galicia.**

As últimas elevacións cara ó Ponente presentan unha aliñación alongada de N. á S., coa forma de "ese" aberto e que vai dende a Serra da Loba e Cordal de Montouto ata a Serra do Suído e Faro de Avión onde con 1.177 m. culmina toda a aliñación.

Pouco a pouco, na dirección N-SO. que marca en certo modo o "río pai", o Miño, os trazados van baixando en alturas duns 400 m. nos derradeiros escalóns, inclinándose éstos diante da maxestuosidade de dous mares para caíren prendidos na fonda aperta dos seus brazos.

É esta unha das zonas de maior diversidade de granitos de acordo coa súa composición: sílice, cuarzo, feldspato e mica o que lles confire fortes personalidades segumdo sexa a súa pertenza a Caldas, Lalín, Pindo... Por aquí aparecen os lugares máxicos, de rochas arredondadas e ciclópeas ("os penedos", "ollos de sapo"...), que se asentan neste relevo presentando complicacións e individualizacións montañosas e chegando ó centro das penínsulas costeiras; Barbanza, Montes de Morrazo..., ó mesmo tempo que orixinan illas como as de Arousa, Sálvora, Ons, Cíes..

E o corpo da Terra-Nai cobra vida gracias ó vivo sangue que a percorre, sucándoa polas canles das súas cuncas. O país dos mil ríos que se beben uns ós outros, no dicir de Cunqueiro, ten unha especial estruturación que lle ven dada pola súa acomodación ós desniveis do terreo. Dende o Navia, que forma unha ría asturiana no Cantábrico ata a desembocadura do Miño (o único grande río do NO. Ibérico) sucédense multitude deles; uns, regueiriños, que adozan pequenos vales; outros, curtos de ata 50 Km. de percorrido; e a maioría, inmolándose nas augas do mar ou dos máis longos como o Miño (340 Km.) que co Sil, rendíndolle pleitesía, morrerá na inmensidade do Océano.

Finalmente, son as mans e os pés da nosa fermosa Escultura, repousados e abertos, os que xeneran os vinte encantos das súas Rias, semellantes soamente (Segundo Fraguas) ós "firth" de Inglaterra:

A cobiza do mar quere beber axiña o exquisito zume dos ríos que se coan entre os belidos dedos; e, ávido de desexo, tenta rubir por eles enriba para gozalos pramenteiramente.

Así é como, partindo dese máxico río Navia adicado ás deusas e onde se quixo afogar ó demo sen conseguilo (Fraguas), déixanos marabillados a visión de:

- . río Eo que despois de atravesar Montefurado do Eo e facer extrema con Asturias, vai recibi-lo mar na Ria de Ribadeo.
- . río Masma que vindo do Cuadramón ofréndase co Colín na Ría de Foz.
- . río Landrove que, dende o Xistral, ven forma-la Ría de Viveiro.
- . río Sor, nos lindeiros de Lugo e A Coruña, que morre na Ría do Barqueiro.
- . río Maior que, dende o Pico Taboada, vai bicar, xunto co Mera a Ría de Ortigueira.
- . río Porto do Cabo que vai dar á Ría de Cedeira.

E agora a vertente, delonga por mor deste río e tamén do Salseiraséste que regando as "herbas de namorar" e baixará cara ó mar por S. Andrés de Teixido preto do que se atopan os acantilados (Chan dos Cadrís e Herbeira) máis altos de Europa agás dalgún nórdico.

Aquí rematan as tradicionais RIAS ALTAS e comeza a vertente máis atlántica: a do mar dos monstros medievais, devecido por lambe-la dozura doutros ríos que se lle inmolarán a través das RIAS CENTRAIS:

- a Ría de Ferrol, - a de Ares, - a de Betanzos, a de A Coruña nas que se renden respectivamente:

- . o río Xubia
- . o río Eume que, vindo do Cuadramón, regálase cunha "fraga" excepcional.
- o río Mandeo que co Mendo, Baoxoi e Lambre xogan á roda formando a Ría conxuntamente.
- o río Mero que forma antes, con outras augas, o fermoso val de Barcia. Ó Sur desta Ría, e nun verdadeiro arco costeiro coñecido como "A Costa da Morte", cos extraordinarios acantilados da Moa do Pindo, xurden outras RÍAS

DE TRANSICIÓN as Baixas:

- Rías de Corme e Laxe a onde vai morre-lo Anllóns
- Ría de Camariñas onde desemboca o río do Porto, o Grande de Baio.
- A pequena Ría de Lires co río Castro

Máis ó Sur, un río rebelde, o Xallas ou Ezaro, sublévase e ven despendurarse preto da desembocadura e cerca de Fisterre, nunha marabillosa ferverza que deixa transluci-lo róseo granito do Pindo.

E é agora cando xa se inicia a depresión Sur: os dedos da man aberta da Terra meiga, pousados alí onde puxera os seus a mesma Divinidade despois da Creación, farán que se produzan os fermosos encaixes das RIAS BAIXAS:

- Ría de Muros e Noia a onde vai morre-lo Tambre
- Ría de Arousa bicada polo Ulla
- Ría de Pontevedra abrazada polo Lérez
- Ría de Vigo onde sucumben o Oitavén - Verdugo

E mesmo poderíamos falar da:

- Ría de Baiona por onde se coa o Miño

Non falta ren nesta prodixiosa Terra. As liñas de dislocación do solo irán botando fóra, á maneira de gretas de vivificadores pezóns. A súa leite curativa para tantas doenzas:

- fontes termiais (Caldas, Ponte-Caldelas, Carballiño...)
- fontes bicarbonatadas (Verín, Cabreiroá...)
- burgas: Ourense.... son verdadeiras menciñas para aliviar-los males do corpo.

E o espírito queda conmocionado diante dun manto de vexetación irrepertible co que se cubre a Terra-Nai. A multiplicidade das verdes coa riqueza de matizacións casi infindas, e as súas árbores máis nobres e tradicionais como o carballo e o castiñeiro confrenlle calidade de xoia incomparable a esta preciosa fiestra cántabro-atlántica.

E agora:

Xa está preparado o berce
para arrola-la semente
da súa xente.

DOREIRIZ

(a poesía na canción)

*Adicada ó meu home,
Pepe de Alende,
quirezán,
de Terra de Montes*

*!Ouh, DOREIRIZ;
Quireza e Cercedo
máis Soutelo, Forcarei
Xirazga a Lebouzán con Beariz: !Doreiriz;
!Terra de Montes; !Doreiriz;*

.....
*Nos granitos do teu berce eu prendín
a mol fragrancia dos orballos infantís;
e nas foulas do ronsel da tía dorna
soan cascos do Roán que levo en min.*

*Nas fontenlas do teu sangue van beber
Umia, Lérez, o Verdugo e Oitavén
e tamén
a anduriña sede miña, devecida de ancorarse
ó carón teu.*

.....
*Nas escolas da amencida
os Montes teus trapelean na impar verba dos arxinas
mentres a laverca calca o petroglifo trisquel
e compón un "leixa-pren".
E os seus cumes, pizarriños,
sobre a pizarra do ceo,
escriben nomes de herois:*

*da canteira,
da lareira,
da sabenza,
de Sampaio e do terrón.*

Rogomhía

ENTREVISTA ÓS PROFESORES DO "GRUPO DE DANZAS E GAITAS XURDIMENTO".

Gustavo, o reporteiro, entrevistou a Luís de la Torre e Emma Suevos, profesores de música e danza, respectivamente, do noso Grupo de Danzas e Gaitas "XURDIMENTO".

Gustavo: ¿Cómo chegástedes a ser profesores do Grupo Xurdimento?

Luís: A verdade é que non somos auténticos profesores. Chegamos a ter este posto e desempeñámolo o mellor que sabemos porque a Xunta Directiva considerou oportuno que nos fixeramos cargo desta tarefa.

Gustavo.- ¿Que é o que se espera dun profesor?

Emma.- Dende a perspectiva da Xunta Directiva coído que se agarda que enseñémo-lo que aprendimos nós en Galicia, nos cursiños de folklore. Dende a nosa postura, considerámola moi seria e responsable, nembargantes os alumnos pídennos que sexamos flexibles, que lles deamos máis descansos...etc.

Gustavo.- Entre as dúas posturas que me contades ¿Cal é a que preferides?

Luís.- Coído que o máis difícil de ser un profesor é precisamente valorar cal é a postura máis axeitada e en cada momento. Durante moito tempo todos fomos compañeiros, o que fai que ó sermos agora profesores se nos faga un bocado máis

complicado a todos. Para responderche, Gustavo, debemos dicir que nas clases somos suficientemente serios como para que o Grupo avance e se beneficie á costa de todos nós, pero ó mesmo tempo tolerantes para que as clases non sexan aburridas e disfrutemos todos aprendendo.

Gustavo.- ¿Que lle pedídes ós alumnos nas clases?

Emma.- Máis que nada puntualidade á hora dos ensaios e atención para que a aprendizaxe sexa mellor.

Emma.- Afortunadamente dispoñemos dun apoio total pola súa parte. Contamos coa colaboración inestimable da nosa coordinadora M^a Alba, que nos axuda en tódalas iniciativas e actividades que tentamos levar a cabo.

Gustavo.- ¿Qué é o máis difícil á hora de preparar un grupo como este que temos?

Luís.- O máis difícil é potenciar en cada alumno todo aquilo que, como profesores, vemos que pode desenrolar. Esto, sen dúbida algunha, peta coa opinión do propio alumno e contra do seu conformismo polo que xa sabe.

Gustavo.- ¿Qué proxectos tendes?

Emma.- Diante de nada continuar coa mesma tarefa que nos encomendaron, crear espírito de grupo para darlle unha proxección futura estable e compacta. Aumentar, na medida do posible, os compoñentes do Grupo, en especial o número de homes, aínda que últimamente temos novos fichaxes que axiña darán os seus frutos.

Gustavo.- Boeno, pois moitas graciñas por atende-las miñas preguntas e agardo que este "Grupo de Danzas e Gaitas XURDIMENTO" teña moitos éxitos.

EMMA SUEVOS
LUIS DE LA TORRE



Ademáis, tamén é preciso un respecto cara ós demais compañeiros e ós propios profesores.

Gustavo.- Vosotros estudia-des, ¿Cando compaxinades esta actividade coas vosas carreiras?

Luís.- É difícil. Os dous estudiamos fóra de Lleida polo que as clases céntranse-nós sábados. Afortunadamente tamén acordouse amplia-las ós mércores, gracias á colaboración de algúns alumnos.

Gustavo.- ¿Cómo é a vosa relación coa Xunta Directiva?

Planchisteria **ARMÍ**

ROGER DE LAURIA, 32
(EDIFICIO CORBINS)

TEL. 23 54 70
25005 LERIDA



Turbos i Equips d'injecció
tot-diesel

C/. El Vallés, 13
Tel. 23 05 82
25005 Lleida

CENGALLEI : CORAL DO CENTRO GALEGO DE LLEIDA

Foi no Nadal do 1978 cando un incipiente coro de voces brancas deixou de oír por primeira vez, levándolle a todos, nos tres idiomas que hirmanan ós compoñentes desta Entidade : galego, catalán e castelán, a Mensaxe Navideña. Formábase un puñado de nenos que, andando o tempo, írbase aumentando ata construír un "Conxunto Coral" de vintedúas voces ás que se lle sumaron paulatinamente algunhas persoas adultas coas que se chegou a ronda-la trintena.

Con este grupo, xa nutrido, desenrolouse unha actividade preciosa baixo a dirección de Rosa González Mahía que, a instancias do primeiro Presidente, José García Rivas, fíxose cargo de tódalas actividades culturais deste Centro durante anos, sendo principais protagonistas de todas elas os máis xóvenes da Entidade.

Despois dun pequeno período de inactividade, a partir do outono do 1990, reanudouse a actividade da Coral, a petición dalgúns socios desta institución que desexaban vivamente aportar a Lleida a riqueza folclórico-cultural do pobo galego en sintonía coa de Catalunya e a dos demais pobos de España.

Hoxe esta agrupación chámase "CENGALLEI", e está composta por once extraordinarias voces masculinas, acompañadas da única voz feminina do grupo: a de Rosa, que segue exercendo as funcións de dirección en cancións predominantemente galegas e recollidas das vetas máis enxebres da nosa entrañable Galicia.

As súas actuacións, a parte das programadas polo Centro Galego dentro do marco das súas Actividades Culturais, tenden graciosamente a proxectarse sobre a

cidade de Lleida, e a regala-los ouvidos dos máis precisados de esparcemento como ocorre cos anciáns. Por eso ano tras ano cantan nas súas misas e actúan nos seus centros de acollida: "Juana Jugan", "Aitona", "Sagrat Cor"...

Da mesma maneira están abertos a calquera Entidade benéfica e social que o solicite, como xa o teñen demostrado en recitais a favor de : "Manos Unidas",



"Unicef", "Marató TV3" (dedicado este ano á investigación das enfermidades neurolóxicas: Esclerose Múltiple, Alzheimer, ELA...), e noutras moitas ocasións ó longo destes anos. De aí que as súas actuacións se vaian multiplicando debido ás peticións dos que nalguna ocasión

puideron ouvi-la singular harmonía das súas preciosas e nostáxicas cantigas.

A Coral CENGALLEI que, en compañía doutras Casas Rexionais de Lleida, ten feito xa unha grabación de dúas cancións: "Al Alba vinde" (Século XV Arm.A.Barja a 4 v.) e "O voso galo" (popular Arm.Groba a 4 v.), proxecta unha nova grabación para a que extraerá do mundo tradicional galego o mellor do seu repertorio, engadindo a novidade dalgunha que outra canción orixinal e de propia creación.

O seu labor ilusionado segue adiante con empeño, intentando acadalo que de máis fermoso teñen os seres humanos. Confraternización e enriquecemento mutuo a través da diversidade da Cultura.

J. R. GÓMEZ DACAL

CARTA Ó AUSENTE.

Tiveches que marchar sen despedirte, fillo. Esto tivo que doerche moito. A todos nos deixaches un baleiro imposible de recher, un baleiro permanente e doloroso, coa dor ás veces doce, porque o tempo esixe que a intensidade da dor, a amarga desesperación, se transforme pouco a pouco en triste e doce asunción da realidade. O adeus, a despedida, suavizaría algo a partida.

Nos nosos corazóns estás presente, estara-lo sempre co teu sorriso doce; aquel sorriso por veces triste, coma unha premonición.

Deixaches tantos amigos, que te querían e aman profundamente a túa lembranza, que nos fan máis patente a túa valía, a túa "bohomía". O teu paso pola vida foi fecundo, moi fértil no tempo tan curto do que dispuxeches.

Deixáchenos algo máis caluroso, a continuación de tí mesmo, JULIA: a nena que con tanta ilusión agardabas e non puideches ver, porque chegou 67 días despois da túa partida. Unha nena tan igual a tí no seu comportamento, na súa corta vida que semella que estés presente. Esta-la conducindo tí mesmo.

Julia coñécete, chámate, fálache e sorrí cando ve o teu retrato coa ledicia tan inocente que nos amosa a túa presenza. Nós non sabemos verte nin comunicarnos contigo, pero ela sí que o fai. Sabe verte na imaxe conxelada da cámara, e na ausencia dalgunha imaxe cando visita cada semana o teu túmulo. Alí tamén che fala, escóitate, na súa linguaxe anxelical -palabras que non entendemos, pero sí o seu significado-. Vivir con ela estas escenas confórta nos cunha dor intensa, unha emoción que impide falar, que nos inmoviliza. Unha dor reconfortante ata onde a dor pode se-lo. Nunca houvera crído que na dor se poidera atopar paz, sosego...

Fillo, por JULIA sabemos que estás presente, con todos nós. Que estás feliz, cunha felicidade algo triste, como teu sorriso, porque sabes que non podemos verte e abrazarte físicamente. Sabemos que estás connosco, nas nosas ledicias e nas nosas penas, que sempre estás presente anque non saibamos ve-la túa presenza.

Fai máis dun ano que te fuches, pero segues

presente. Ó traveso de Julia fixécheste presente, cada día con máis intensidade. Teresa, co seu inmenso amor soubo realiza-lo milagre da túa presenza a traveso da vosa filla.

Xaquín, vivimo-lo segundo Nadal sen a túa presenza física. A primeira en que volves a estar connosco a través de Julia. Para a túa esposa, para os teus hirmáns e para os teus pais, a perda é irreparable. Anque a nena é capaz de confortarnos, en boa parte, hoxe non poderemos verte e escoitarte na cea do Nadal, día tradicional de reunión familiar e de ledicia.

Estarás connosco, presente nos nosos corazóns e nas nosas almas, pero non poderemos verte. Tan só Julia poderá verte, falarche e escoitarte. A traveso dela será real a túa presenza. E fíxonola.

¿Viches como Julia buscaba a nena ó outro lado do espello, intentando remover unha e outra vez a materia transparente que a separa da nena do outro lado que lle sorrí? Ós seus escasos dez meses non pode entender que é a súa propia imaxe e quere acariciar á nena que lle sorrí dende o outro lado. A escea é increíblemente emotiva e doce, eu coído que a vés e disfrúta-la, pero non podo estar seguro e doime.

O Camiño segue, descoñecido e incerto para todos. Camiño ó fin no que estamos seguros atoparte se nos guías. Alí agardamos reunirmos contigo no lugar que nos terás preparado, para non separarnos nunca máis. Esta é a esperanza.

Teño a seguridade, fillo, de que me vés e nos vés; de que me escoitas, que coñeces os meus sentimentos e os meus pensamentos sen expresalos, pero preciso facelos públicos, dalos a coñecer a tódolos amigos e coñecidos. Anque non saiba expresar todo aquilo que quero dicir, e como quixera, pero teño que dicilo.

Estimado lector, perdóame a dor que poida producirche co relato dun estado de ánimo tan pouco saudoso, e acepta, cunha forte aperta, o noso desexo dunha feliz Navidade para todos e un feliz e próspero Aninovo 1997.

SEVERINO FERNÁNDEZ VERA

ENCARA NO POT ARRIVAR LA FI DEL MÓN

“El proper segle s’acavarà el món”. Ja fa temps que els futuròlegs i pitonises avatinen aquestes fets. És potser, que les errades dels humans el fan infuncionable, o que veuen aquest món tant perfecte com per donar-lo per finit?. Encara hi ha tants projectes de futur... Fa pocs dies vaig tenir l’oportunitat d’assistir, com a voluntaria a la Marató de TV3: la meva tasca em permetia observar des d’un angle de la monumental, pero acollidora Sala Victor Siurana, com treballaven una cinquentena de telefonistes. N’hi havia de totes les edats, però si em permeten, els diré que la tasca més lloable, no era la dels joves; no, no ho era. Aquestos, per definició i enmarcats en la societat actual, encara creuen en la llibertat, en la justícia, en les

grans obres i, sobretot, en “la solució” com a fi d’un procés. Doncs si, per mi, l’heroicitat està en la creença d’un món millor, de les persones més grans, dels curtits per la vida... Aquells que malgrat tot, encara creuen, i no sols en un ésser suprem, sinó en quelcom més important, en els humans com aquells que algún cop han fet minvar la seva vida.

I és així com creixerà el món, com aixecarem les sabates que ens escalfen... i tornarem a començar... i és per això que el proper segle no s’acavarà el món.

MERITXELL TERCEIRO I CANYADELL



AUTO-ESCOLA

MOLINS-
CASTET

- LICENCIA PRA CICLOMOTOR
- E TODALAS CLASES DE PERMISO DE CONDUCCION
- CLASES TEORICAS PERSONALIZADAS SEGUNDO O
- APTITUDES ASISTIDA COS MEDIOS AUDIO-VISUAIS

Fleming, 19 - LLEIDA

Tel. 27 43 53

O OFICIO DE VIVIR

O oficio de vivir é o título dunha triloxía que a Editorial Nigrán tirou do prelo alá polo ano 1991, e que recolle as estampas gráficas do transcurso dunha vida real acontecida na nosa Galicia ó redor do último século, "Galicia: O oficio de vivir, A Terra, O Mar, A Cidade". Mais, O oficio de vivir tamén podíamos "titular" por moitos motivos da vida mesma, porque a vida, vivir a vida en determinados aconteceres e lugares constitúe un verdadeiro oficio. O Balbino de Neira Vilas, "Un ninguén", aquel Neno Labrego que vivía a súa vida nunha aldea de Galicia, sen dúbida era un perfecto "oficial" no exercicio do seu oficio de vivir a vida, no seu propio contexto e circunstancias.

Galicia ao longo da súa historia tivo moitos nenos labregos, que semellan O Balbino: cativos, nenos, mozos, homes e mulleres que practicaron o verdadeiro oficio de *vivi-la* vida, -"vívelavida", tamén se di doutras persoas, mais, estas non son do noso oficio, son: "Mangantes", "Mangoleiros", "Pillos"...- o oficio ó que estamos a referirnos é outra historia, é a historia real do Pobo Galego, do labrego, do mariñeiro, do cidadán de a pé.

Mergullámonos pois, nas páxinas de oficio de vivir, para relembra-la historia real imaxinada de A Terra, de cote nos atopamos ó lado do retrato da muller fiando, as verbas do poeta DIAZ CASTRO que define este argumento nas estrofas deste fermoso e expresivo poema:

*Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A esperanza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove
Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mól como unha uva.
Pro tí envólveste en sabas de mil anos,
jen sonos volves a escoitar as chuvas.
Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco ven, Xesús María?,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.
Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante joutro a trás, Galiza?*

(Díaz Castro)
(Nimbus)

"E pola boca do "Poeta da Montaña" Noriega Varela, cantou a seriedade da aldea galega e ás xentes que vivindo nela, recibiron a vella herdanza de antigas árbores e ríos, Camiños rachados polo vento", o oficio da vida adornado polos patrucios da nosa arboreda autóctona, os carballos, os castiñeiros, os acevros... son o vento incontaminado que

fortaleceu ás xentes das aldeas no duro oficio de vivir.

No oficio de vivir en Galicia neste século houbo outro camiño, sen dúbida moito máis dramático; a emigración. Nas primeiras décadas do século, medio millón de galegos saíron cara a América, nun dos retratos de M.Ferrol ollase en tan só unha mirada o drama desta separación de homes, mulleres e fillos, as viudas de vivos.

E no oficio de vivir, mentres en Galicia as cousas non mudaban, a fame, inundacións e andacios mortais non eran excepcións, no oficio moita xente, xa desde tempos inmemoriais recorría o vello camiño de pedir, "o repetido verro dos esmoleiros diante das casas altas, adros de igrexas, feiras e romarías", no medio de tanto desdén aínda había xantares especiais ofrecidos polos señores dos pazos coa ocasión da Eucaristía dos seos fillos, chocolates servidos xeralmente por altos membros da Curia, cregos ou bispos..., por estes actos moitos "señores da terra" e membros da burguesía foron hiperbolicamente chamados "pais dos pobres". Esta hipérbole axiña foi contestada pola poesía popular e polos espíritos da vella satírica:

*"O señor de Xan de Robes
con caridade sen igoal
fixo este santo hospital
pero antes fixo os pobres..."*

"Sorprenhente terra na que cregos e frades debían atender unha non máis sorprendente relixiosidade... Na que a morte, fortemente ritualizada, ocupa importante lugar", o oficio de vivir tamén remata, topa coa fronteira pechada, porque a morta é a fronteira co transmundo onde se desenrola a comunidade das ánimas necesitadas. Así, en Galicia, en camiños e crucilladas, os Cruceiros, e os Petos de Animas, son os memorialistas daquela comunidade, os seus requirimentos debían ser atendidos sempre: "Socorred a las ánimas que están penando" di a través do seu peto a irmandade de purgantes. E a Santa Compañía, calquera día vese cruzar por un souto ou lameiro disfrazada pola néboa, trunca o oficio de vivir, levando mozos e vellos, ocúpase tamén dos nenos converténdoo en "anxeliños" para que logo un inspirado marmorista esculpa enriba da súa lousa uns versos:

*"Entre sombras la luz ví
era un ángel que vivía
tuve miedo, madre mía
y a los cielos me subí..."*

ANTONIO DÍAZ FERNÁNDEZ



**PROYECTOS
E INSTALACIONES
ELECTRICAS**

C/. Barón de Eroles, 3
Tel. 23 20 58 - Fax 22 18 22
25008 LLEIDA



*Floristería - Cerámicas
Objetos de regalo*

Obispo Torres, 7-9
Tel. 26 59 67
LLEIDA

Gobernador Moncada, 11
Tel. 27 22 82
LLEIDA

VOCALÍA DA DONA

La "Vocalía da muller" continúa llevando a cabo sus actividades propias todos los martes y jueves, desde las 17 a las 21 horas. Los martes se realizan diferentes talleres: Pintura, Manualidades, Artesanía... Los jueves se dedican exclusivamente al Taller de Costura.

Además de colaborar activamente en todas las actividades organizadas por la Junta Directiva, la Vocalía realiza también otros actos propios, así como excursiones, cenas, etc.

EXCURSIONES:

- Viaje Cultural a Calatayud, visitando su Centro Histórico, así como también una de sus muchas bodegas.

- Excursión a la "Feria de Abril de Santa Coloma de Grammanet", visitando las diferentes casetas, en especial la del "Centro Galego NOS, de Sabadell" y la de la "Federación de Entidades Galegas en Catalunya".

- Viaje a Barcelona para visitar el "Acuarium", así como también la localidad de "Torrelles de Llobregat", en donde se efectuó una completa visita al parque temático "Catalunya en miniatura" y al curioso cementerio de animales de compañía.

SEMANA CULTURAL:

- Exposición de trabajos realizados por miembros de la Vocalía, en los Talleres de los Martes.

- Exposición de dibujos infantiles realizados por los más pequeños del Centro, con merienda para ellos.

- Concurso de Tortillas. Hubo 41 participantes. El jurado estuvo formado por representantes institucionales de la Generalitat de Catalunya y del Ayuntamiento de Lleida, así como Profesionales de la Hostelería.

OTROS ACTOS DIVERSOS:

- Organización de la tradicional "Calçotada" en la partida de Grenyana, en cuya Ermita se celebró una misa cantada por la "Coral CENGALLEI", de nuestro Centro. A la fiesta asistieron representantes del Ayuntamiento, Generalitat de Catalunya, Consell Comarcal del Segrià, así como representantes de "Saudade" y del

"Centro Galego de Tarragona".

- Participación de la "Vocalía" en el desfile de Carnaval, organizado por el Ayuntamiento, con una carroza alegórica a las tierras de Galicia.

- Participación en la FIESTA DE MOROS I CRISTIANS. Esta fiesta, cuyos antecedentes se remontan al año 1.458, ha vuelto a celebrarse en Lleida después de más de cien años, ya que la última vez que se celebró fue en 1.899. De esta forma el "Centro Galego" se ha sumado a otras entidades lleidatanas en la recuperación de una



fiesta tradicional. Todo ello en el marco incomparable de la "FESTA MAJOR DE LLEIDA".

- Participación de componentes de la "Vocalía", como voluntarios en la "MARATÓ DE TV3", que este año tenía como objeto la recaudación de fondos destinados a la investigación de las enfermedades degenerativas, en concreto : Alzheimer, Parkinson, Esclerosis múltiple y Esclerosis Lateral amiotrófica.

- Se celebraron también 3 cenas: Una en Febrero, con motivo de la festividad de Santa Águeda, otra a finales de Junio, para cerrar el curso 1.995/96 y la última, el 31 de Diciembre conmemorando la festividad de Santa Lucía.

MARTA ROIGE I MOSTANY
Presidenta de la "Vocalía da Muller"

LLEIDA

Lleida, una ciudad conformada alrededor de la colina de la "Seu Vella", magnífico y entrañable monumento arquitectónico, cuya torre campanario inspiró a Morera i Galicia un bello poema cuyo primer verso es:

*A dalt de la muntanya que domina
com miranda, els bells termes lleidatans
s'enlaira un campanar fet per gegants
o per homes de raça gegantina.*

La Lleida que me vió nacer y crecer, se expansiona y crece alrededor de unas costumbres y tradiciones que vienen de lejos, rodeadas de monumentos y edificios, y de una entrañable característica propia: "La invernall Niebla Lleidatana", que alrededor del mes de noviembre, coincidiendo con la fiesta de los Santos, en medio de crisantemos, cipreses de cementerio, castañas y panallets, nos visita hasta finales de febrero; es para los que hemos visto el mundo por primera vez en esta tierra, un miembro más de nuestra familia. Y cuando nos visita a menudo, es que el frío se acerca. Hay otros que aún sin ser Lleidatans de "soca-arrel" (pura cepa), aman la Tierra donde muchos de ellos han formado su familia, y al mismo tiempo aman la niebla como algo ya propio, de la cual buena parte de los Lleidatans estamos enamorados.

Lleida goza, además, de un magnífico y emblemático monumento: La Seu Vella. Son pocos los Lleidatans que no sienten nada al volver a nuestra ciudad, de un viaje. Vengamos de donde vengamos, divisamos aquel Gigante que nos vigila y nos da la bienvenida a nuestra tierra.

En las noches de niebla densa, vemos en el fondo unos ojos que brillan, mirando nuestra ciudad.

Queremos nuestra Lleida, con sus costumbres y tradiciones, nuestra niebla y nuestra Seu Vella son recuerdos de infancia, jugando y paseando alrededor del gran Gigante.

JOANA MATEU i ALMENARA

TARJETA POSTAL DE LLEIDA (A ITALIA)

Para el turista ocasional, muchas veces, los estereotipos culturales son dogmas; sobre todo por lo que concierne a los países extranjeros. Así, puede ser que un turista -ocasional- italiano, se imagine una España simplemente resumida en la vanguardia económica y cultural de Barcelona; en un Madrid espléndidamente barroco y un poco perezoso; en un sur que sufre una depresión económica permanente, pero que tiene tanto encanto y misterio...

Puede pasar al "viajero de superficie", de manera "rocambolesca", de oír cuentos de lugares que su ligereza no le permitía conocer; y cuando él tiene la suerte de ver directamente estos sitios, toda su ignorancia se cambia a un auténtico asombro. Es fácil que esto ocurra hablando de la preciosa LLEIDA, ciudad de 108.000 habitantes en el centro de Cataluña, posicionada en la comarca del Segrià, a medio camino entre Barcelona y Zaragoza (Aragón).

La puedes encuadrar, por ejemplo, marchando por el Puente Nuevo. Acercándote a Ella te parece colocada con cuidado dentro de una cuna, que se forma entre la estratégica colina y el plácido Río Segre. Estos últimos, probablemente, son dos factores "catalanizantes" de la larga y "movimentada" historia de LLEIDA y de su carácter móvil y orgulloso.

Sobre "el turó" te encuentras la Catedral Vella (S.XIII-XIV): imponente, aireada y de precioso valor arquitectónico; abajo un azul cinturón llamado Río Segre: generoso recurso hídrico, y eterno protector de su gente.

En el medio está el alma LLEIDATANA, que se manifiesta en una "CIVI-

TAS" bien ordenada, dotada de dibujo urbanístico racional, de un respeto y original acercamiento arquitectónico de épocas, con espacios culturales vivos y accesibles (podemos pensar en algunas joyas como el complejo universitario, el nuevo auditorio, la plaza Sant Joan y sobre todo la iglesia de Sant Lorenc, S.XII-XIV).


La base de la notable cualidad de vida lleidatana (palabra clave de este final de siglo occidental) está en una urdimbre sólida

y bien estructurada en diferentes sectores (agricultura, energía, extracción, edificación y servicios), donde no domina el capital financiero, más bien la iniciativa de la pequeña o mediana empresa y empresas artesanales.

Lo que se ha escrito, hasta ahora, es el fiel espejo de la gente de LLEIDA, en su propia esencia ligada a la ciudad; acogedora y orientada a conjugar bien laboriosidad y sociabilidad.

Para finalizar e intentando una comparación arriesgada, se podría asimilar esta ciudad a alguna "COMUNE" del "RINASCIMENTO ITALIANO": un pequeño estado en su significado positivo, floreciente y celoso de su autonomía; nunca agresivo, determinado a distinguir su propia identidad, pero disponible a la integración con otros pueblos y culturas.

Para el que vive en un país donde es corriente la discusión sobre una reforma del Estado de manera federalista y autonomista, un viaje a Lleida puede ser benéfico.



DAVIDE BELLINA

AVE FÉNIX

Si la mitología nos presenta esta ave como el símbolo del resurgir constante, Lleida se ha convertido en la ciudad prototipo símbolo de resurgimiento después de cada golpe que la historia ha dejado caer sobre ella.

Un antiguo núcleo de población indígena, de la tribu de los ilergetas que vivía, desde hacía mucho tiempo en las llanuras y cerros leridanos, fueron los fundadores de la antigua Iltrida. Fueron sus aguerridos cabecillas Indíbil y Mandonio, los cuales tienen hoy levantado un monumento a la entrada de la ciudad recordando sus gestas guerreras y como símbolo de las libertades de un pueblo por las cuales ellos lucharon.

La placidez de aquella lejana época se vio truncada por la acometida de las tropas romanas. No en balde los romanos habían visto la extraordinaria importancia de este lugar como nudo de comunicaciones, cerca del Segre, para poder dominar así la línea que se adentraba hacia Zaragoza desde Tarragona. Indíbil fue uno de los primeros caudillos que se levantó contra Roma y contra el general romano más importante de aquellos tiempos: Escipión. Pero el ejército romano, poderoso y, disciplinado, no tardó en conquistar todas estas tierras. Los avatares del tiempo llevaron a Indíbil a morir de una lanzada en pleno combate, mientras que el otro aguerrido cabecilla, Mandonio, que había sido hecho prisionero, moriría crucificado, según reza la leyenda. Nada mejor para un pueblo que elevar y mitificar a aquellos que han dado sus vidas luchando por la libertad de sus tierras y sus gentes. El Segre se llamará con el nombre romano; Sícoris, y la ciudad dejará de llamarse Iltrida, para conocerse como la Ilerda romana. Roma había ganado. No obstante no fue fácil la hegemonía, pues las luchas entre las propias tropas romanas que se disputaban la influencia sobre el Senado, por un lado Pompeyo el Grande y por el otro el mismo César que vino hasta estas tierras, dió pie a la famosa batalla de Lérida, que el mismo César contó en su "De Bello Civili", una batalla que duró cuarenta días a lo largo del río Segre. Y es que los romanos siempre tuvieron sus dificultades, tanto las propias, como con los autóctonos, ya que Indíbil y

Mandonio bien pueden ser los prototipos de Astérix y Obélix: libertad para el pueblo! Desde este momento, y durante cerca de dos siglos, los ilergetas se van mezclando con sus dominadores romanos; el latín fue la lengua que se empleó en la ciudad.

